

sarria

Colectivos critican ao Goberno local pola concesión da licenza urbanística a Votorantim. **Páx. 2**

paradela

O municipio contará con axudas para infraestruturas e impulsar programas de emprego. **Páx. 13**

o incio

A Praza de España acollerá o día 22 a XVI Feira de Artesanía e Produtos da Terra. **Páx. 14**

láncara

A Pobra de San Xiao prepárase para celebrar o San Roque os días 15, 16 e 17 de agosto. **Páx. 16**

triacastela

Tira Ca Estela organiza o 12 de agosto unha andaina con motivo da eclipse total de sol. **Páx. 18**

As vivendas dos mestres necesitan unha solución



A Vicepresidencia entrega lentes para ver a eclipse

Un total de 1.000 lentes certificadas serán distribuídas de maneira gratuíta entre a veciñanza. **Páx. 4**

Galicia fai fronte ás altas temperaturas

As vagas de calor e os incendios falan de cambio climático real na comunidade. **Páx. 10-11**

Festival de Maxia de Sarria



Roberto Lolo dedica a XXI edición deste evento internacional ao seu pai. **Páx. 7**

Benjamín García



Foi investido como alcalde do Páramo en xuño e agora afronta este labor. **Páx. 19**

Deporte en feminino



18 deportistas da provincia protagonizan a axenda da Deputación. **Páx. 23**

Aberta a inscrición para a AC Taekwondo

O novo curso contará con varios niveis de adestramentos para o alumnado. **Páx. 22**



INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO
MODELO VIMANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL

CUCHILLA
MAÍZ
MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com



RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M
DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18
Y DE 3000 KG A 8000 KG.



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!

MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

A Plataforma Sarria Aire Limpo e ADEGA piden ao Concello revisar a licenza a Votorantim

A veciñanza de Sarria concentrouse diante do Concello antes da celebración do pleno ordinario do 30 de xullo, atendendo ao chamamento da Plataforma Sarria Aire Limpo, para reclamar explicacións ao Goberno local pola concesión da licenza urbanística a Votorantim Cimentos para a planta de produción de Combustible Sólido Recuperado (CSR) prevista no Oural. A entidade considera “moi preocupante” a actitude do rexedor durante a sesión plenaria, ao entender que, lonxe de aclarar as dúbidas existentes sobre a licenza, defendeu a continuidade dos traballos e a validez da autorización municipal. Neste sentido, a plataforma pregúntase por que existe tanto interese por parte do alcalde en manter a súa defensa dunha licenza sobre a que, segundo sostén, existen indicios e interrogantes relacionados coa súa legalidade. O colectivo sostén que o Concello outorgou a autorización sen contar previamente coa preceptiva autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), un requisito que, segundo asegura, vén recollido tanto na Lei de Augas como na Lei do Solo e que tamén figura reflectido nos informes emitidos polo propio organismo de conca durante a tramitación ambiental do proxecto. Por este motivo, considera necesario que o Executivo municipal explique publicamente os criterios que seguiron para conceder a licenza. A plataforma tamén denuncia falta de transparencia durante a tramitación do expediente. En concreto, afirma que a orde do día da Xunta

de Goberno Local na que se aprobou esta licenza é a única que non figura publicada na páxina web municipal, unha circunstancia que cualifica de “especialmente chamativa” e que, ao seu xuízo, resulta incompatible cos principios de publicidade e transparencia que deben rexer a actuación das administracións públicas. Outro dos aspectos cuestionados

resolto nun prazo de poucas semanas. Neste sentido, reclama que o Concello detalle os criterios empregados na tramitación e garanta que tanto particulares como empresas reciben o mesmo trato por parte da Administración. Así mesmo, a plataforma considera necesario aclarar se nun proxecto industrial destas características se esixiron todos os informes e auto-

llo que publique toda a documentación relacionada coa concesión da autorización, explique os motivos da ausencia da correspondente orde do día na web municipal e ofrezca información detallada sobre a tramitación do expediente. A plataforma tamén anima á veciñanza a manterse mobilizada para reclamar o cumprimento estrito da legalidade e garantir un control



por Sarria Aire Limpo é o que considera un trato desigual entre a cidadanía e unha gran multinacional. O colectivo lembra que numerosos particulares deben agardar durante anos para conseguir licenzas urbanísticas para construír as súas vivendas, mentres que, segundo afirma, o expediente de Votorantim foi

rizacións que habitualmente se requiren á cidadanía, especialmente tendo en conta as súas implicacións ambientais. Ao seu entender, a igualdade ante a lei, o rigor administrativo e a transparencia deben aplicarse con independencia de quen sexa o solicitante dunha licenza. Por este motivo, solicita ao Concello

público das decisións municipais. **ADEGA LUGO.** Pola súa parte, ADEGA-Lugo presentou un escrito no Concello de Sarria no que solicita a revisión de oficio da licenza urbanística concedida a Votorantim Cimentos. A entidade fundamenta a súa petición na análise do expediente

municipal, no que asegura que non consta a autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para executar movementos de terras e outras actuacións que afectan ao dominio público hidráulico, así como á zona de servidume e á zona de policía do regato que atravesaba a parcela onde se están desenvolvendo as obras. ADEGA lembra que a lexislación en materia de augas establece a obrigatoriedade de obter previamente esta autorización para actuacións deste tipo e subliña que a propia Confederación advertiu, durante a tramitación ambiental do proxecto, de que calquera intervención sobre os cauces e as súas zonas de protección require unha autorización específica e independente dos informes ambientais. No escrito presentado, a asociación solicita ao Concello que comprobe se esa autorización foi efectivamente concedida e, no caso de que non exista, que inicie o procedemento de revisión da licenza urbanística por unha posible causa de nulidade. Ademais, reclama a suspensión cautelar da eficacia da autorización e a paralización inmediata das obras para evitar posibles danos de difícil ou imposible reparación sobre o dominio público hidráulico e os ecosistemas asociados. Finalmente, ADEGA defende que as administracións públicas deben garantir o estrito cumprimento da normativa urbanística e ambiental, especialmente cando están en xogo espazos protexidos pola lexislación de augas, e anuncia que continuará facendo seguimento da tramitación deste expediente, reservándose a posibilidade de exercer as accións administrativas e xudiciais que considere oportunas para garantir a legalidade e a protección do medio ambiente.

O pleno aproba por unanimidade a defensa da ruta das Aceas

O Pleno ordinario do Concello de Sarria debateu catro mocións. O BNG levou unha iniciativa para reclamar unha solución para as antigas vivendas dos mestres do CEIP Frei Luís de Granada; o Partido Popular defendeu dúas propostas centradas no acondicionamento do Paseo das Aceas e na axilización da tramitación das licenzas municipais; mentres que o grupo de goberno, Camiña Sarria, reclamou á Xunta de Galicia unha maior planificación, transparencia e estabilidade nas axudas do programa 'O teu Xacobeo' destinadas ao sector cultural.



VIVENDAS DOS MESTRES. No caso da moción do BNG, a formación solicitou unha solución para as antigas vivendas dos mestres, lembrando que a súa demolición e a creación dun parque ou praza pública forman parte do Acordo para o Desenvolvemento Estratéxico de Sarria (ADES), subscrito por PP e Camiña Sarria co compromiso de executar esta actuación antes das eleccións municipais de 2027. Os nacionalistas recordaron que a Consellería de Educación confirmou en outubro de 2025 a inclusión da desafectación destes inmobles no seu plan de traballo, aínda que denunciaron que desde entón non se produciron avances e que os edificios continúan no mesmo estado de deterioro. O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, explicou que o equipo de goberno "non pode aceptar un edificio nese estado", e lembrou a "contundente" moción que se aprobou o ano pasado con respecto a este tema. "Queremos a desafección, pero non nas condicións nas que está. A Xunta querenos meter un gol neste sentido desde hai anos", sostivo.

A moción foi aprobada cos votos a favor do BNG e Camiña Sarria, e a abstención dos populares.

MOCIÓN DO PP. Pola súa banda, o Partido Popular presentou dúas mocións. A primeira foi aprobada por unanimidade por recoñecer todos os presentes o valor turístico e medioambiental do Paseo das Aceas. Na moción, o PP pedía un plan integral de acondicionamento, mantemento e posta en valor do Paseo das Aceas, advertindo do deterioro progresivo deste espazo natural, con árbores caídas, vexetación con risco de desprendemento, zonas inestables e mobiliario deteriorado, polo que solicitaron actuacións de limpeza, reforzo das marxes, reparación da sinalización e do mobiliario, así como a elaboración dun plan periódico de mantemento que permita evitar novos danos. Os populares defenderon tamén unha segunda iniciativa na que instaron ao Goberno local a adoptar medidas que permitan axilizar a tramitación das licenzas municipais, coa finalidade de reducir os tempos de espera e mellorar a resposta

administrativa tanto para particulares como para empresas, que foi aprobada cos votos a favor de BNG e PSOE, pero co voto en contra de Camiña Sarria "pola redacción dos puntos do acordo", según explicaron desde o Goberno local.

CAMIÑA SARRIA. Finalmente, o grupo de goberno Camiña Sarria presentou unha moción na que reclamou á Xunta de Galicia unha maior planificación, transparencia e estabilidade nas axudas vinculadas ao Xacobeo destinadas ao sector cultural, aprobada cos votos a favor do BNG e PSOE, pero o voto en contra do PP. A formación sostivo que o actual modelo de financiamento prexudica ás asociacións e promotores locais, especialmente nun concello como Sarria, un dos principais puntos de paso do Camiño Francés. Segundo recollía a iniciativa, o programa 'O teu Xacobeo 2026' destinou unicamente 300.000 euros para entidades sen ánimo de lucro de toda Galicia, unha contía que, ao seu xuízo, resultou insuficiente para atender a demanda existente.

O BNG reclama unha rebaixa do prezo do solo no polígono de Morelle



O Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu deputado no Congreso, Néstor Rego, reclamou ao Goberno central un cambio na política de comercialización da segunda fase do Polígono Industrial de Morelle, en Sarria, coa intención de establecer prezos máis competitivos para o solo industrial e favorecer a implantación de empresas. O representante nacionalista considera que a actual estratexia dificulta o desenvolvemento dunha ampliación que, segundo lembra, acumula máis de vinte anos de atrasos e promesas sen materializar. Rego cuestiona ademais o papel de Casa47, antiga SEPES, ao entender que unha sociedade pública non debería actuar con criterios propios dunha promotora privada. Segundo explica, o principal problema non sería a ausencia de demanda de solo industrial na zona, senón unha política de prezos que, ao seu xuízo, afasta posibles investimentos e leva a empresas da comarca a buscar alternativas noutros municipios con condicións máis favorables. Neste contexto, o BNG solicita ao

Executivo estatal que reforce o seu compromiso coa segunda fase do Polígono de Morelle e que dea instrucións a Casa47 para revisar á baixa os importes das parcelas. A formación nacionalista sostén que unha infraestrutura estratéxica para unha comarca do interior de Galicia debe ter como prioridade facilitar a implantación empresarial, dinamizar a economía e contribuír á creación de emprego, por riba doutros intereses económicos. Desde o BNG lembran ademais que empresas vinculadas a sectores como o cárnico, a madeira, as molduras, os sistemas de seguridade ou o transporte levan anos pendentes da ampliación do polígono. Segundo sinalan, a falta dunha solución definitiva provocou que algunhas firmas optasen por trasladar a súa actividade a outros municipios con solo industrial máis competitivo. Néstor Rego insistiu en que, despois de máis de dúas décadas de espera, Sarria precisa medidas concretas para ofrecer condicións atractivas ás empresas e facilitar o seu crecemento sen obrigalas a abandonar a comarca.

EXCLUSIVIDAD para la **SALUD** de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

if
figueiras
ORTODONCIA



O obradoiro dual de emprego está a rehabilitar o Campo da Feira

A sexta edición do obradoiro dual de emprego "Sarria, Camiño de Santiago" continúa desenvolvendo actuacións de rehabilitación e mellora no Campo da Feira da vila grazas a un investimento de 454.500 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. No proxecto participan 20 alumnos e alumnas, que ao longo de nove meses adquirirán coñecementos e experiencia profesional en dúas especialidades con demanda laboral. Dez persoas fórmanse en fábricas de albanelería, mentres que as outras dez reciben formación

en instalación de elementos de carpintería. Entre as actuacións previstas nesta edición figura a rehabilitación do pendello do polbo, que se sumará aos cinco xa restaurados en convocatorias anteriores. Ademais, acometeranse traballos de recubrimento da fachada da nave do Mercado Gandeiro, a reforma interior dos aseos públicos e o acondicionamento de diferentes muros do recinto, entre outras intervencións destinadas a modernizar e mellorar a funcionalidade do Campo da Feira.

Abraham Cupeiro, recoñecido cun Premio Joaquín Díaz 2026

O músico sarriao Abraham Cupeiro foi distinguido como socio de honra da Asociación Lugo Monumental e recoñecido pola súa traxectoria cun Premio Joaquín Díaz 2026 na modalidade de Organoloxía. Este recoñecemento súmase á súa traxectoria profesional marcada pola recuperación, reconstrución e difusión de instrumentos musicais da antigüidade. O multiinstrumentista, especialista na recuperación, reconstrución e divulgación de instrumentos musicais ancestrais e sons esquecidos, unha traxectoria que o converteu nun referente internacional neste ámbito, agradeceu a homenaxe recibida e puxo en valor o significado especial que teñen para el este tipo de recoñecementos. "Só teño agradecemento por pensar nun

veciño que anda polo mundo. Que unha asociación decida recoñecer o teu traballo é algo que agradecemos de corazón", afirmou. O músico explicou que nunca orientou a súa carreira á procura de premios, senón a facer o seu traballo da mellor maneira posible. "Eu penso en facer as cousas o mellor que podo, non nos premios. Para min isto é un agasallo e unha sorpresa, e estou moi agradecido", sinalou. Cupeiro concluíu asegurando que, por riba de calquera distinción, o maior recoñecemento é comprobar que o público continúa acompañandoo en cada actuación. "O verdadeiro premio é ver que a xente segue indo aos concertos. Ese é o maior premio que pode recibir un músico", destacou.

A veciñanza de Sarria contará con 1.000 lentes para seguir a eclipse

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo entregou ao Concello de Sarria un total de 1.000 lentes certificadas para que sexan distribuídas de maneira gratuíta entre a veciñanza con motivo da eclipse solar do vindeiro 12 de agosto. A iniciativa forma parte dunha campaña provincial coa que se repartirán 10.000 lentes homologadas entre concellos e asociacións para garantir unha observación segura deste acontecemento astronómico. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, explicou que esta actuación dá continuidade á colaboración habitual da institución co tecido asociativo e cos concellos da provincia, estendéndoa nesta ocasión a unha data histórica. Segundo indicou, o obxectivo é facilitar que as entidades que



organizan actividades divulgativas e de observación da eclipse contén con lentes de protección certificadas para a cidadanía. Ademais da distribución deste material, a Vicepresidencia colabora no programa "Eclipse 2026.08.12

en Lugo", organizado polo Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGa), que desde o pasado 9 de xullo desenvolve un amplo calendario de actividades divulgativas e culturais arredor deste fenómeno.

Socios de La Unión acoden á vía xudicial para pedir documentación

Varios socios da Sociedade La Unión presentaron unha solicitude de dilixencias preliminares ante o Tribunal de Instancia de Sarria co obxectivo de que se requira xudicialmente ao presidente da entidade a entrega de diversa documentación relacionada coa súa xestión económica e administrativa correspondente aos anos 2021 a 2025. Entre a documentación solicitada figuran as contas da sociedade, as actas das asembleas xerais e das xuntas directivas, os xustificantes dos investimentos realizados, os extractos banca-

rios, as cotas hipotecarias e outros documentos vinculados ao funcionamento e á administración da entidade. Segundo indican os socios promotores da iniciativa, esta actuación xudicial prodúcese despois de realizar ata seis requirimentos mediante burofax para obter esa información. Tres dos escritos foron dirixidos á Sociedade La Unión e os outros tres ao seu presidente, vicepresidente e secretario, sen que, segundo afirman, recibisen resposta por parte dos responsables da entidade.

Os solicitantes consideran que esta falta de contestación vulnera o dereito de información e de acceso á documentación recoñecido nos artigos 14.2 e 21 b) da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Os socios explican que a documentación reclamada ten como finalidade exercer accións xudiciais para impugnar determinados acordos adoptados nas asembleas xerais, así como as contas da entidade, sen prexuízo doutras actuacións legais que poidan derivarse da información que finalmente sexa achegada.



ARTAI
HORMIGONES

Cl. Rioseco s/n,
Monforte De Lemos, 27400

Pol. Ind. Betote Km 21
Sarria, 27600

692 946 698
629 817 933

692 946 694
629 817 933

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Prefabricados de hormigón
Taller de ferralla
Cubiertas de panel sandwich
Cubiertas de fibrocemento
Servicio de grúa

982 530 469
hierrostouron@gmail.com

SARRIA, unha comarca con sabor



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos
caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




**RESTAURANTE
A CARBALLEIRA
DE REBOLEIRA**
LEÑA Y CARBÓN

**MAESTROS
DE LA
PARRILLA**

Instagram: a.reboleira.restaurant
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Aira Padron





982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
de Luis**




RIO LOYO
Restaurante

**Mesón
Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: Catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



Investirán máis de 158.000 euros na cuberta da Casa do Marqués



O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Sarria para acometer a substitución da cuberta da Casa do Marqués, tamén coñecida como Vila Andrea. A actuación contará cun investimento de 158.178,30 euros, financiado integramente pola Administración autonómica.

As obras desenvolveranse en dúas anualidades. Para este exercicio está prevista unha achega de 40.500 euros, mentres que os 117.678,30 euros restantes consignaranse no ano 2027.

A intervención consistirá na retirada da actual cuberta de zinc para instalar unha nova do mesmo material, co obxectivo de poñer fin aos problemas de filtracións e gotadeiras que afectan ao edificio.

Desde a Xunta sinalan que esta actuación responde á necesidade de acondicionar un inmoble considerado clave para a actividade cultural e social da vila, xa que acolle habitualmente programacións im-

pulsadas polo Concello e por diferentes colectivos e asociacións do municipio.

A Casa do Marqués, situada na céntrica rúa Matías López e construída a finais do século XIX, destaca pola súa arquitectura de estilo indiano. Ademais, figura no catálogo municipal de elementos de especial protección polo seu valor histórico, artístico e patrimonial, ao tempo que se atopa dentro do ámbito de protección do Ben de Interese Cultural (BIC) do Camiño Francés.

A renovación da cuberta constitúe o primeiro paso para continuar coa rehabilitación integral do edificio. Unha vez solucionados os problemas de humidades e filtracións, poderanse afrontar outras actuacións pendentes, como a renovación da instalación eléctrica.

Precisamente, a posta en valor de Vila Andrea foi un dos compromisos incluídos no acordo asinado en setembro do pasado ano entre Camiña Sarria e o Partido Popular, que contempla a futura musealización do inmoble.

O Partido Popular denuncia o afundimento da rúa Xela Arias

O Partido Popular denunciou o afundimento na rúa Xela Arias, correspondente ao tramo urbano da estrada provincial LU-P-5714, e reclamou á Deputación de Lugo que actúe de forma urxente para reparar esta e o resto das vías da súa titularidade no termo municipal de Sarria. Carmen José López lembrou que o PP xa advertira anteriormente da situación da LU-P-5714 sen que, segundo indicou, se adoptasen medidas efectivas para evitar riscos para vehículos, peóns e residentes da contorna. Ademais, recordou que o Pleno do Concello aprobou por unanimidade unha proposta do Grupo Municipal Popular na que se instaba á Deputación a reparar e manter as vías da súa titularidade ao seu paso por Sarria, facendo especial fincapé neste tramo urbano.

A portavoz popular sinalou que a rúa Xela Arias leva varias semanas



valada, unha situación que, ao seu xuízo, está a provocar importantes molestias aos veciños. E advertiu de que "tememos que as valas e os sinais se convertan en algo permanente" se non se actúa con rapidez.

O PP estendeu tamén as súas críticas ao estado doutras estradas provinciais do municipio, como a LU-P-

5709, a LU-P-5710 e a LU-P-5701, que comunica coa parroquia de Céltigos. Segundo Carmen José López, estas vías presentan un importante deterioro que ocasiona prexuízos aos seus usuarios. "Non é un caso illado. Hai anos que están en mal estado, pero PSOE e BNG parecen mirar para outro lado", concluíu.

A residencia Nosa Señora do Carme de Sarria recibirá 145.000 euros da Xunta

A residencia de maiores Nosa Señora do Carme de Sarria contará cunha achega de 145.000 euros da Xunta de Galicia para contribuír ao seu mantemento e funcionamento.

A colaboración formalizouse mediante un convenio asinado entre a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, e o alcalde de Sarria, Claudio Garrido.

O acordo permitirá ao Goberno galego colaborar co Concello no financiamento parcial dos gastos

de persoal do centro residencial, que dispón de 91 prazas para a atención de persoas maiores. No acto de sinatura tamén participaron o director xeral de Maiores e Atención Socioasistencial, Antón Acevedo, así como os concelleiros Carmen José López e Félix Seijas.

Durante o encontro, Fabiola García destacou a importancia da colaboración entre administracións para garantir unha atención adecuada ás persoas maiores, tanto a través

dos servizos que permiten permanecer nos seus fogares como mediante os recursos de atención diúrna e residencial. Esta actuación enmárcase no Acordo para o Desenvolvemento Estratéxico de Sarria (ADES), un documento que establece o marco de diálogo e cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello de Sarria ata maio de 2027. O acordo recolle distintas iniciativas orientadas a reforzar servizos e impulsar actuacións de interese para o municipio.



OSCAR

ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES





Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE 36€ /DÍA

TURISMOS



DESDE 30€ /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE 90€ /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

"Sarria é o corazón da maxia"

O XXI Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria estará dedicado a Herminio Lolo, o "pai de todos os magos", que fixo do evento unha familia

Jessica Fernández

O Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria volverá encher de ilusión a vila do 20 ao 23 de agosto. Despois dunha XX edición especial que o pasado ano se prolongou durante sete días para conmemorar os vinte anos do certame, a cita recupera este verán o seu formato habitual de catro xornadas. Farao coa participación de 17 artistas, entre eles o propio Roberto Lolo, e cunha edición especialmente emotiva, xa que estará dedicada á memoria do seu pai, Herminio Lolo, falecido recentemente.

A homenaxe recoñece a unha figura moi vinculada ao festival desde os seus inicios. Herminio apoiou a Roberto desde que descubriu a maxia sendo un neno e tamén cando decidiu convertela na súa profesión. Ademais, o seu papel foi clave nas primeiras edicións do certame. Cocifeiro de profesión, encargábase de preparar a comida para todos os magos que chegaban a Sarria, unhas reunións que, segundo explica Roberto, acabaron definindo a esencia do festival. "O motor do festival foi o cariño que sentían na miña casa. Meu pai cocinaba para todos os magos ata o ano da COVID e foi aí cando empezou a construírse unha amizade entre compañeiros que acabou converténdose nunha familia", lembra. Ese ambiente, asegura, foi determinante para que moitos artistas regresasen ano tras ano á vila. "O cariño que meus pais lles ofrecían, eles devolvían querendo estar aquí. Nunca foi unha cuestión de cartos". De feito, un dos ilusionistas

habituais, Noel Galán, chegou a dedicarlle un disco a Herminio coa frase "Para o papá de todos os magos". Por iso, Roberto prefire definir Sarria como "o corazón da maxia", xa que considera que o festival "se fai con máis corazón ca capital".

Nesta XXI edición haberá varias novidades. A máis destacada será o primeiro espectáculo de maxia para bebés da historia do festival, protagonizado por Mino e Arthur, que terá lugar o domingo pola mañá na Casa da Cultura. Ademais, modificáronse varias localizacións e reforzouse a programación dirixida ao público infantil. "Quero centrarme moito nos pequenos porque, aínda que haberá espectáculos para adultos e familiares, o futuro son os nenos", explica Roberto, que medrou rodeado de maxia e considera importante que as novas xeracións sigan gozando do festival.

A programación reunirá a 17 artistas e combinará nomes habituais con outros que actuarán por primeira vez en Sarria. Entre as incorporacións destacan Jandro, Joaquín Matas e o dúo Mino e Arthur, mentres que regresarán Samuel Moreno, Sara Rodríguez ou Román García, a quen Roberto considera o seu mentor e que leva acompañándoo desde a primeira edición. "A xente vai ver artistas increíbles que nunca viu, con disciplinas fabulosas tanto para nenos como para adultos", afirma. Á hora de confeccionar o cartel, explica que busca combinar artistas consolidados con novos talentos e prioriza sempre "a autenticidade". Esa filosofía ta-

mén lle levou a dar unha oportunidade a Borjini, un neno de 11 anos que actuará nesta edición. A relación cos artistas é outro dos sinais de identidade do festival. Roberto lembra, por exemplo, que nunha ocasión Jorge Blass decidiu participar nun espectáculo infantil aínda que non estaba previsto no programa. "Doulles confianza para que fagan o que queiran. Aquí somos todos iguais. Creo que en Sarria conseguimos crear unha familia de artistas que vai en comunión co público", afirma. Esa proximidade tamén se traslada ás rúas da vila. "A xente de Sarria valora moito esa proximidade. Podes traer grandes estrelas da maxia e despois velas paseando polo Malecón falando con calquera". Co paso dos anos, o festival converteuse tamén nun importante reclamo turístico para Sarria. "Hai moita xente que organiza as súas vacacións para coincidir co festival", asegura Roberto, que destaca ademais o recoñecemento que o certame acadou fóra de Galicia. "Pasoume de ir actuar a outros lugares e que a xente coñeza o festival de Sarria e valore moito o que facemos aquí". Ao seu xuízo, ese prestixio conseguiu "cun festival moi grande e con moi poucos medios", grazas ao traballo dun amplo equipo e ao apoio do Concello de Sarria, da Xunta e, este ano, tamén da Deputación de Lugo. Despois de 21 edicións, Roberto Lolo asegura que o seu obxectivo segue sendo o mesmo: "Seguir facendo este festival todos os anos que poida. Ata que a saúde mo permita".



ESTE 2026 CUIDA TU SALUD ORAL. ¡VEN A CONOCERNOS!



- Odontología estética
- Ortodoncia
- Odontología preventiva
- Implantología oral
- Endodoncia
- Cirugía oral
- Prótesis
- Periodoncia
- Odontopediatría
- Patología de la oclusión

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



**CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL**

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

A Sede de Sarria acolle a mostra 'Palestine. Here and There'



A Asociación Cultural Huhú inaugurou en A Sede a exposición 'Palestine. Here and There', o quinto bloque expositivo da TST1 — Trienal Sarria Triennial, unha proposta que reúne o traballo de seis artistas palestinos para ofrecer unha reflexión sobre a ocupación, a identidade e a resistencia do pobo palestino a través da fotografía, o vídeo, o cinema documental e o arquivo.

A mostra naceu dunha invitación da comisaria Paula Parente Pinto á artista Ahlam Shibli, quen decidiu ampliar o proxecto incorporando tamén aos artistas Aref Massalha, Fatma Hassona, Mohamed Harb, Monther Jawabreh e Rehaf Al Batniji. Entre todos constrúen unha narrativa arredor da reconstrución da identidade palestina baixo condicións de ocupación e militarización, reivindicando a autonomía e a liberdade do seu pobo mediante distintas linguaxes visuais.

A exposición aborda cuestións como a perda do fogar, o desprazamento forzoso, a destrución e as diferentes formas de resistencia fronte ao intento de borrar a identidade e a memoria colectiva. Entre as pezas destacan as fotografías de Fatma Hassona, falecida en Gaza en 2025,

nas que documentou a vida cotiá da poboación baixo os bombardeos e a destrución da Franxa de Gaza.

Ahlam Shibli presenta imaxes realizadas en Hebrón e Kassel, ademais do filme *Nine days in Wahat al-Salam*, que recolle nove días de encontros entre oito palestinos e oito israelís e a evolución da súa conciencia sobre o conflito. Aref Massalha expón fotografías realizadas durante a súa etapa como enfermeiro nunha UCI durante a pandemia da COVID; Mohamed Harb mostra imaxes marcadas pola destrución da súa vivenda e do seu estudo; Monther Jawabreh analiza as transformacións políticas e o seu impacto na sociedade na curtametraxe *Broken dreams*; e Rehaf Al Batniji afonda na memoria, o desprazamento e a relación entre a historia persoal e a colectiva.

A mostra foi presentada por primeira vez hai un ano na cidade portuguesa do Porto, e en Sarria permanecerá aberta ao público ata o 3 de outubro. O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, puxo en valor o contido social e político da exposición, sinalando a creación artística como unha ferramenta de resistencia fronte á opresión e á inxustiza.

O Festival Ribela Love Nature levará á vila música electrónica

O festival Ribela Love Nature celebrará os próximos 21 e 22 de agosto a súa quinta edición en Sarria, consolidándose como unha das citas máis singulares do verán para os amantes da música electrónica e da creación contemporánea. O evento volverá reunir un cartel no que conviven artistas nacionais e internacionais nunha contorna natural única, situada na zona de Ribela, ao inicio da Ruta das Aceas.

O cartel reúne artistas de referencia da escena electrónica nacional e internacional. Entre eles figuran Call Super, Or:la, Legowelt e Pariah, nomes consolidados nos circuitos europeos grazas ás súas propostas que abranguen o house, o techno e a electrónica experimental. Xunto a eles actuarán Catarina Silva, Jorgeinho, KTDKT, Leiras, Oxygeño, Kosu Nes, Zorlok Compressor, Slit Observers e o espectáculo audiovisual



Phantom Circuits, presentado por Wata Igarashi & VRIL, completando unha programación de innovación sonora, a experimentación e a diversidade de estilos electrónicos.

Máis alá da música, Ribela Love Nature defínese como un proxecto cultural que reinterpreta o contorno rural como un espazo para a exploración musical e cultural, no que a

paisaxe e a programación conviven en simbiose.

A organización volverá habilitar unha zona de acampada situada á beira do río Sarria e a zona de acampada amplíase con novas zonas verdes, duchas e aseos renovados, acceso directo ao río e un Camping Stage, dedicado a actuacións sorpresa e sesións de *open decks*.

O Esmorga Fest promoverá unha xornada de música para seguir a eclipse

Os organizadores do Esmorga Fest, que celebrará unha nova edición o próximo mes de outubro, impulsan unha nova iniciativa cultural en Sarria coa organización de Esmorga Total, un evento que combinará música en directo, actividades para todos os públicos e a observación da eclipse total de Sol prevista para o 12 de agosto.

A xornada desenvolverase na Ermi da de San Marco, un espazo elixido para vivir este fenómeno astronómico nun ambiente festivo e de convivencia. O programa arrancará

ao mediodía e prolongarase durante toda a tarde e a noite con entrada totalmente gratuíta.

No apartado musical, Eris Mackenzie achegará a súa proposta de pop e *indie* alternativo, mentres que Peitoescuro ofrecerá un directo marcado polo rock e as sonoridades galegas. O cartel complétase coa música tradicional e de raíz de Axeigo, a enerxía da Axiom Band, a actuación da Asociación Cultural de Meigas e Tragos e a animación da Asociación Cultural Peleríños, conformando unha programación

pensada para acompañar unha xornada que combinará cultura, lecer e a observación da eclipse. Xunto aos concertos haberá tamén actividades infantís, propostas gastronómicas e outras sorpresas para todos os públicos.

A iniciativa conta coa colaboración do Concello de Sarria, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, e busca converter a observación da eclipse nunha experiencia colectiva na que se dean a man a cultura, a música e a divulgación dun acontecemento astronómico excepcional.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de TAEKWONDO SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

A CASA

::cenor

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo
982 53 09 25
info@electrodomesticosacasa.com

FRIGO COMBI INOX
WHIRLPOOL
400L 2000L 1900L
184,5 x 98,5 cm

539€
PVP antes: 599€

FRIGO COMBI INOX
AEG
301,7 x 98,5 cm

799€
PVP antes: 899€

A 54ª edición da Noite Meiga traerá tradición, música e danza

A 54ª edición da Noite Meiga organizada pola Asociación Cultural Meigas e Trasgos converterá Sarria nun referente da cultura e da tradición galega do 27 ao 29 de agosto. A edición chega marcada polo recoñecemento da celebración como Festa de Interese Turístico de Galicia, un distintivo que reforza o seu valor patrimonial e abre novas oportunidades para a súa promoción.

Como principal novidade, a programación comezará o xoves 27 de agosto cunha xornada dedicada ao humor. A actriz e creadora de contidos Leti da Taberna inaugurará a celebración ás 20.30 horas no Auditorio Meigas e Trasgos co seu primeiro monólogo, *Enredada*. No espectáculo, a artista aborda con retrans e ironía a influencia das redes sociais na vida cotiá desde unha perspectiva feminista e integramente en galego. A actividade continuará o venres 28 de agosto coa Tardiña Meiga, unha proposta dirixida ao público infantil e ás familias, que incluírá diferentes xogos e obradoiros como antesala da tradicional An-



daina con Fachos polas rúas da vila. A música tamén terá un papel protagonista na contorna do Meigallo, fronte ao Chanto, coa participación dos grupos De Ninghures, Xosé Lois Romero e Aliboria e Terrae.

Os actos centrais desenvolveranse o sábado 29 de agosto. A programación incluírá as actuacións da Banda de Música da Comarca de Sarria e do grupo Clarisaxos, ademais dun intercambio cultural entre a Asociación Cultural Meigas e Trasgos e a asociación Acoradoira de Culleredo. Un

dos momentos máis esperados volverá ser a tradicional danza da Noite Meiga, un dos símbolos da celebración, antes do concerto de Broken Peach, que porá o broche final á festa.

Ademais, este ano a entidade encargada do pregón será a Panadería Pallares, coincidindo coa celebración do seu 150 aniversario, como homenaxe á traxectoria dunha empresa familiar que suma cinco xeracións dedicadas ao oficio da panadería e que forma parte da historia e da vida social de Sarria.

O Sarria Blues no Camiño terá como protagonistas a mulleres



O Festival de Músicas Afroamericanas Sarria Blues no Camiño celebrará a súa quinta edición entre do 6 ao 9 de agosto cunha programación que volverá levar o blues, o jazz e outros sons de raíz afroamericana a diferentes escenarios de Sarria. O evento, organizado polo Concello de Sarria, conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Xacobeo 2027.

A programación arrancará o xoves 6 de agosto ás 20.00 horas no atrio da Igrexa de San Salvador coa actuación de Félix Slim e The Pipers Blues Band. Máis tarde, ás 22.30 horas, o Paseo do Malecón acollerá o concerto da Banda de Música da Comarca de Sarria, que ofrecerá un repertorio de estándares de blues e jazz coa participación de artistas convidadas.

O venres 7 de agosto a música trasladarase ao Meigallo. A partir das 21.00 horas actuarán Misuria, banda coruñesa de blues tradicional e de raíces, e Sweet Marta & The Blues Shakers, formación de blues clásico encabezada pola harmonicista Sweet Marta.

A xornada do sábado 8 comezará ás 13.00 horas na Terraza Don Pepe coa actuación de Los Jorobados del Miño. Pola tarde, ás 20.00 horas, a Rúa da Liberdade será o escenario do tradicional Desfile Mardi Grass, unha das actividades máis participativas do festival, na que colaboran entidades, colectivos e veciñanza. O concerto principal será ás 22.30 horas no aparcadoiro do Campo do Río. O cartel estará formado por Andrea & The Black Cats e Dorrey Lyles & Marcos Coll Band, reunindo sobre o escenario á cantante afroamericana Dorrey Lyles e ao harmónico compostelán afinado en Alemaña Marcos Coll.

O festival pecharase o domingo 9 de agosto ás 21.00 horas na A.C. Rúa da Música co tradicional concerto de despedida e unha jam session aberta arredor da música afroamericana.

Durante os catro días do festival tamén haberá actuacións acústicas de Street Blues en distintos puntos da vila, co obxectivo de achegar a música ás rúas, á hostalaría, ao comercio local e á veciñanza.

A Biblioteca Municipal de Sarria continúa levando a lectura á piscina

A Biblioteca Municipal de Sarria leva ás Piscinas Públicas Municipais a iniciativa "Bibliopiscina", impulsada polo Concello de Sarria a través da Concellería de Cultura. O obxectivo desta proposta é achegar os servizos bibliotecarios á cidadanía durante a época estival e promover a lectura tamén nos espazos de lecer.

A actividade comezou en xullo e volverá en agosto os días 5 e 19 de, en horario de 16.30 a 20.00 horas. Durante esas xornadas, as persoas usuarias poderán consultar e levar en préstamo libros para público infantil e adulto, acceder á prensa diaria, participar en xogos e coñecer outros servizos que ofrece a Biblioteca.

O concelleiro de Cultura, César No, explicou que a intención é levar a biblioteca máis aló das súas instalacións habituais e achegala aos lugares onde se concentra a veciñanza durante o verán. "A Bibliopiscina é unha forma de demostrar que a lectura tamén forma parte do lecer e do verán", afirmou.

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes Familiar de Jamón a Bacon 8€

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

982 012 026

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

cafebarcubano

A domicilio sabe mellor

Galicia fronte á calor e aos incendios

Xuño bateu récords históricos en Europa occidental, xullo mantivo a sucesión de ondas de calor e os incendios volveron evidenciar que o cambio climático xa condiciona un territorio tradicionalmente asociado a un clima suave

Durante décadas, Galicia viviu coa percepción de ser un refuxio climático dentro da Península Ibérica. Mentres o sur de España soportaba temperaturas superiores aos 40 graos e longos períodos de seca, o noroeste conservaba unha imaxe ligada á humidade, ás precipitacións frecuentes e aos veráns moderados. Porén, esa realidade leva anos cambiando e o verán de 2026 converteuse nun dos exemplos máis claros de que o clima galego tamén está a transformarse. As ondas de calor deixaron de ser episodios excepcionais para converterse nun fenómeno recorrente, con temperaturas que chegan antes, duran máis días e afectan a territorios onde historicamente apenas se rexistraban valores extremos. Os datos recompilados por organismos como o Servizo de Cambio Climático Copernicus (C3S), a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), Meteogalicia ou a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM) apuntan na mesma dirección: Europa quéntase a un ritmo moi superior á media mundial e a Península Ibérica figura entre as rexións máis vulnerables a este proceso.

XUÑO 2026: MES HISTÓRICO

O primeiro gran aviso chegou antes mesmo de iniciarse oficialmente o verán. Segundo o Servizo de Cambio Climático de Copernicus, implementado polo Centro Europeo de Previsións Meteorolóxicas a Medio Prazo (ECMWF), **xuño de 2026 foi o mes de xuño máis cálido xamais observado en Europa occidental.**

A temperatura media alcanzou os 20,74 graos, situándose 3,06 graos por riba da media do período 1991-

2020. O dato supera incluso os rexistros de xuño de 2025 e do histórico verán de 2003, dous anos que ata agora representaban algúns dos episodios de calor máis intensos vividos no continente europeo.

No conxunto de **Europa**, xuño foi o segundo máis cálido desde que existen rexistros da serie ERA5, mentres que a nivel mundial ocupou tamén os primeiros postos históricos. Para a comunidade científica, estes datos non representan unha simple anomalía meteorolóxica, senón unha mostra máis dunha tendencia de quecemento sostido que se vén acelerando durante as últimas décadas. En **España**, a situación foi igualmente excepcional. A AEMET cualificou xuño como o segundo máis cálido desde o inicio da serie histórica en 1961, cunha temperatura media peninsular de 23,3 graos, é dicir, 3,2 graos por enriba da media climática. Ademais, foi o terceiro xuño máis seco da serie, cunhas precipitacións que apenas alcanzaron o 39 % do habitual.

A propia AEMET chama a atención sobre un dato especialmente significativo: dos 15 meses de xuño máis cálidos rexistrados en España, 13 pertencen ao século XXI. Un indicador que evidencia que o incremento das temperaturas xa non responde a episodios illados, senón a unha tendencia consolidada.

A comunidade galega tampouco escapou desta situación. Aínda que as temperaturas extremas adoitan asociarse ás zonas interiores da Península, durante xuño e xullo boa parte de **Galicia** encadeou varios episodios de calor intenso que obrigaron á activación de avisos por altas temperaturas.

A Xunta de Galicia, a través de Me-



teoGalicia, Protección Civil e a Consellería de Sanidade, mantivo activo o Plan de actuación fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde, coordinando avisos preventivos especialmente dirixidos á poboación máis vulnerable: persoas maiores, nenos pequenos, embarazadas e pacientes con enfermidades crónicas.

En paralelo, Meteogalicia foi emitindo sucesivos avisos amarelos e laranxas en diferentes comarcas, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo, onde as masas de aire cálido procedentes do norte de África provocaron valores pouco habituais para estas datas.

As catro capitais galegas rexistraron durante este verán temperaturas

moi superiores ás habituais. Ourense volveu situarse como a cidade máis calorosa de Galicia, superando amplamente os 40 graos durante varios episodios, mentres Lugo, Santiago e A Coruña tamén alcanzaron máximas que, hai apenas dúas décadas, resultaban extraordinarias para estas cidades, pero hoxe estes rexistros comezan a repetirse con maior frecuencia.

Se xuño marcou un punto de inflexión, xullo confirmou que as altas temperaturas deixaran de ser un episodio puntual. O interior galego volveu concentrar os rexistros máis elevados da comunidade, con Ourense alcanzando os 42,5 graos, un dos valores máis altos do ano e moi próximo aos récords históricos da cidade.

A persistencia do calor foi outro dos aspectos máis destacados: entre finais de maio e os primeiros días de xullo, a estación de Ourense superou os 30 graos en 33 dos 45 días analizados por Meteogalicia, unha frecuencia inédita para un período que incluía aínda parte da primavera.

O calor tamén se deixou sentir con intensidade noutras zonas do interior. Lugo chegou a rexistrar máximas próximas aos 39 graos, mentres que en Monforte de Lemos, na Ribeira Sacra, os termómetros superaron amplamente os 40 graos durante os episodios máis intensos. No sur da provincia de Ourense, comarcas como Valdeorras, Verín ou O Ribeiro volveron situarse entre os puntos máis calorosos de Galicia, con valo-

info@casasneiras.com
Tel.: 982 986 084 | 698 163 989

A TRADICIÓN DA CASA

EN SARRIA • Supermercado A Pontevedra • Supermercado Javi (Cruce da Estación) • Carnicerías Estación • Alimentación Plaza Galicia	EN LÁNCARA • Casa Enríqueta NA POBRA DE SAN XIAO • Comercial Luseiro
--	--

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crt. Comarcal 546, km 21 Sarria



res superiores aos 40 graos en varias xornadas.

Mesmo as cidades costeiras, tradicionalmente protexidas pola influencia do Atlántico, experimentaron temperaturas pouco habituais. Vigo rexistrou 39,1 graos, a temperatura máis alta medida no século na cidade e, segundo os datos de MeteoGalicia, un dos maiores rexistros desde que existen observacións instrumentais. Santiago de Compostela, Pontevedra e A Coruña tamén superaron con claridade os 30 graos durante as diferentes ondas de calor, confirmando que o fenómeno afectou practicamente a toda a comunidade, aínda que con distinta intensidade segundo a proximidade ao mar.

OS INCENDIOS

O incremento das temperaturas, unido á escaseza de precipitacións e á baixa humidade ambiental, converte o monte nun combustible extremadamente vulnerable.

Durante o mes de xullo, España viviu unha das crises de incendios máis graves dos últimos anos, con miles

de hectáreas queimadas e numerosos desalojos. A situación levou ao Goberno central a declarar a emerxencia de interese nacional polos grandes incendios de Madrid e Ávila, unha medida excepcional que permitiu coordinar recursos estatais ante a magnitude da emerxencia.

Galicia tampouco permaneceu allea. Ao longo do verán rexistráronse numerosos incendios forestais en distintos puntos da comunidade, varios deles na provincia de Lugo, onde as elevadas temperaturas, o vento e a seca favoreceron unha rápida propagación do lume. A Ribeira Sacra, escenario de grandes incendios nos últimos anos, continúa sendo un dos territorios que máis preocupa aos especialistas pola combinación dunha orografía complexa, o abandono do territorio e a elevada carga de combustible vexetal.

Os científicos levan décadas advertindo de que o quecemento global non significa simplemente que “faga máis calor”. O verdadeiro cambio prodúcese na frecuencia, intensidade e duración dos fenómenos meteorolóxicos extremos.

E iso é precisamente o que comeza a observarse en Galicia.

As temperaturas medias aumentan de forma progresiva, as ondas de calor son máis frecuentes, as precipitacións concéntranse en episodios cada vez máis intensos e os períodos secos prólonganse durante máis tempo. Ao mesmo tempo, o mar tamén experimenta un incremento da súa temperatura superficial, un factor que modifica a dinámica atmosférica e afecta aos ecosistemas mariños.

Segundo o Sexto Informe de Avaliación do Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático (IPCC), Europa é o continente que máis rapidamente está aumentando a súa temperatura media, duplicando practicamente o ritmo global desde a década de 1980. A rexión mediterránea, na que se inclúe a Península Ibérica, aparece identificada como un dos puntos máis vulnerables do planeta debido á combinación de temperaturas extremas, diminución dos recursos hídricos e incremento do risco de incendios forestais.

No caso galego, organismos como

MeteoGalicia e a AEMET constatan que as temperaturas máximas e mínimas presentan unha tendencia ascendente, especialmente durante as últimas décadas. Tamén aumentan as denominadas noites tropicais —aquelas nas que o termómetro non baixa dos 20 graos—, un fenómeno que antes era excepcional en boa parte da comunidade e que agora comeza a ser habitual, especialmente nas zonas costeiras e durante os episodios de calor máis intenso.

CAMBIO CLIMÁTICO

Unha das cuestións máis debatidas arredor do cambio climático é ata que punto a actividade humana é responsable do aumento das temperaturas. Neste aspecto, a comunidade científica mantén un consenso practicamente unánime. O IPCC conclúe que é inequívoco que a influencia humana quentou a atmosfera, os océanos e a superficie terrestre desde mediados do século XIX. Esa afirmación baséase en miles de estudos científicos revisados por expertos de todo o mundo e constitúe a maior avaliación internacional realizada ata o momento sobre o estado do clima. As conclusións coinciden coas publicadas pola NASA, a Administración Nacional Oceánica e Atmosférica dos Estados Unidos (NOAA), a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Copernicus e a propia AEMET.

O principal responsable deste proceso é o incremento da concentración de gases de efecto invernadoiro, dióxido de carbono (CO₂), metano (CH₄) e óxido nítrico (N₂O), emitidos maioritariamente pola queima de combustibles fósiles, a industria, o transporte, determinadas actividades agrícolas e a deforestación.

O ECOLOXISMO GALEGO

As organizacións ecoloxistas levan anos advertindo de que Galicia afronta unha transformación profunda do seu territorio se non se reducen as emisións e non se adapta

a xestión do medio natural. ADEGA insiste na necesidade de apostar por unha política forestal baseada na diversidade de especies, na recuperación do mosaico agroforestal e na revitalización do rural como ferramentas fundamentais para reducir o risco de grandes incendios. A entidade leva tempo reclamando unha planificación que priorice a prevención fronte á extinción e que limite a expansión de masas forestais continuas dominadas por especies pirófitas. Nunha liña, Ecoloxistas en Acción Galicia considera que os episodios de calor extremo e os incendios forestais deixaron de ser situacións excepcionais para converterse nunha nova realidade climática. A organización reclama acelerar a transición enerxética, reducir a dependencia dos combustibles fósiles, protexer os ecosistemas e reforzar as políticas públicas de adaptación.

UN RETO PARA A SAÚDE

Segundo o Ministerio de Sanidade e a Organización Mundial da Saúde, as ondas de calor incrementan a mortalidade e as hospitalizacións, especialmente entre persoas maiores, pacientes con enfermidades cardiovasculares ou respiratorias, nenos pequenos e colectivos vulnerables. Os especialistas lembran tamén que a calor extrema pode afectar á saúde mental, reducir a capacidade de concentración e incrementar o risco de accidentes laborais, polo que insisten na necesidade de adaptar horarios e condicións de traballo durante os episodios máis intensos. Os datos do sistema de Monitorización da Mortalidade Diaria (MoMo) do Instituto de Saúde Carlos III, indican que en Galicia 88 persoas faleceron durante o mes de xuño por causas relacionadas coas altas temperaturas, mentres que nos catro primeiros días de xullo contabilizáronse outras seis mortes atribuíbles ao calor. En España, 937 falecementos atribuíbles ás altas temperaturas.



INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE
O TEU PROXECTO:
VIVEIRO DE
EMPRESAS E
POLÍGONO
INDUSTRIAL.**

20

ANOS



Concello de Paradelá

COMARCA

A wide river flows through a landscape. The water is calm, reflecting the sky and the surrounding greenery. On the left bank, there are dense trees and a small structure. On the right bank, there are more trees and some buildings in the distance. The foreground shows some rocks and a small patch of land.

A declaración de prealerta implica reforzar a vixilancia e o control das infraestruturas de abastecemento por parte das entidades locais, que son as administracións competentes nesta materia. Desde a CHMS recomendan limitar consumos non esenciais como a limpeza de rúas con auga potable, o rego de xardíns ou instalacións deportivas e o funcionamento de fontes ornamentais.

Quiroga lembrou que o organismo de conca xa trasladou aos concellos a comezos de xullo a necesidade de adoptar medidas preventivas e avanzou que esta comunicación será reiterada nos próximos días. Ademais, durante a segunda metade do mes púxose en marcha unha campaña de sensibilización a través de medios de comunicación, redes sociais, mobiliario urbano e autobuses para fomentar un uso responsable do recurso

A estación ferroviaria de Moscán aviva o debate político

A segunda das preguntas rexistradas fai referencia á denominación da estación, que segue vinculada a outro municipio, unha circunstancia que, segundo o PP, xera confusión e dificulta a correcta identificación da súa localización. Neste sentido, lembraron que o Pleno do Concello do Páramo aprobou solicitar for-



REACCIÓN DO ALCALDE DE LÁNCARA. O alcalde de Lánara, o socialista Darío Antonio Piñeiro López, cargou contra os senadores do Partido Popular José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano por, segundo afirmou, "mentir deliberadamente" sobre a estación ferroviaria de Moscán ao atribuír ao actual Goberno de España a responsabilidade dunha infraestrutura que, asegurou, foi promovida e posta en funcionamento durante mandatos do PP. O rexedor manifestou que "xa abonda de tomarnos por parvos" e considerou que chegou o momento de "falar claro". Neste sentido, lembrou que foi o Ministerio de Fomento, baixo o Goberno de José María Aznar, quen impulsou en 2002 a construción da nova esta-

Piñeiro criticou que, oito anos despois da súa posta en funcionamento, os populares comparezan diante da estación para responsabilizar ao Executivo de Pedro Sánchez dunha situación que, ao seu xuízo, deriva de decisións adoptadas por gobernos do propio Partido Popular. En relación coa denominación da estación, Piñeiro lembrou que o nome de Moscán foi establecido no proxecto que substituíu a antiga estación da Pobra de San Xiao por unha nova infraestrutura nesa localidade. "Foron eles mesmos os que lle puxeron o nome á estación", subliñou. O rexedor reclamou respecto para a veciñanza de Láncara e do Páramo, asegurando que vivir no rural non implica descoñecer a historia da infraestrutura nin as responsabilidades políticas vinculadas á súa creación.

APROVEITA OS MELLORES DE SCOUTS DA TEMPADA!

DE VERÁN
13 E 14
AGOSTO

OUTLET

SCANEA PARA VER O
MAPA DE COMERCIOS

XUNTA DE GALICIA

COMERCIO GALEGO

odega

CCU

Impulsan melloras no municipio en infraestruturas, servizos e emprego

A Xunta destinará novas partidas para executar melloras en edificios públicos de Paradela, acondicionar infraestruturas e impulsar programas de emprego no municipio. Así o trasladou o delegado territorial en Lugo, Alfonso Villares, durante unha reunión mantida coa alcaldesa, Montserrat Mulet, na que analizaron os distintos proxectos e investimentos autonómicos previstos para o concello. No encontro, Villares explicou que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acaba de aprobar unha achega de 30.000 euros para realizar diferentes actuacións no centro de saúde e en dependencias municipais.

Ademais, concedeu outros 36.600 euros destinados ao acondicionamento da escola de música. Ambas as dúas subvencións corresponden ao Fondo de Compensación Ambiental 2026, nas súas liñas competitiva e non competitiva, respectivamente.

En materia de infraestruturas viarias, o delegado destacou as actuacións previstas na estrada



LU-633, incluídas no contrato formalizado esta mesma semana para a mellora de tres estradas autonómicas da provincia. Neste caso, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas investirá 2,2 millóns de euros en tres treitos diferenciados da vía, entre eles o comprendido entre Sarria, Paradela e Portomarín, entre os puntos quilométricos 50 e 84.

Villares tamén puxo en valor os investimentos previstos pola Consellería do Medio Rural para mellorar as infraestruturas rurais do municipio. Desti-

naranse 46.700 euros á mellora de camiños na parroquia de Castro de Rei de Lemos e preto de 136.900 euros á pavimentación da vía de Grallás, entre Paradela e O Páramo.

No ámbito do emprego, sinalou que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financia con 454.500 euros o obradoiro dual de emprego Os Soutos II en Paradela, Láncara e Samos. Esta iniciativa permite que 20 persoas desempregadas reciban formación e melloren a súa cualificación profesional en especialidades vinculadas á construción e ao sector forestal.

'Mudanza' suma un novo éxito internacional no Festival El Garaje del Cine



A curtametraxe *Mudanza* continúa acumulando recoñecementos no circuito internacional de festivais, sendo incorporado á Selección Oficial do Festival El Garaje del Cine, en España, dentro do Festival Internacional de Cine CityBlue Films.

A peza audiovisual está baseada nun relato da escritora paradelense Sonia Arias López, foi dirixida por Luisje Moyano e producida por Movie Books e Fortune Films Productions. Trátase dunha nova distinción para unha obra ambientada en Paradela e Sarria, que nace a partir dun dos textos incluídos no libro *Manchas de frío*.

Nesta publicación, Sonia Arias aborda o cancro e o proceso de afrontar a morte desde unha perspectiva respectuosa e intimista,

unha temática que foi levada á pantalla conservando a esencia do relato orixinal.

O pasado mes de decembro, *Mudanza* xa recibira o premio á Mellor Temática Social no Festival Internacional de Cine CityBlue Films. Aquel galardón adquiriu un valor especial ao resultar elixida entre 864 traballos procedentes de 43 países, un recoñecemento que puxo en valor tanto a calidade artística da produción como a sensibilidade da súa historia.

Con esta nova selección oficial, *Mudanza* continúa reforzando a súa presenza en festivais internacionais e ampliando o percorrido dunha obra que ten como escenario dúas localidades da comarca de Sarria e que naceu da creación literaria da autora paradelense.

Unha nova recollida gratuíta de enseres terá lugar o vindeiro 19 de agosto

O Concello de Paradela levará a cabo o vindeiro 19 de agosto unha nova xornada de recollida gratuíta de enseres, un servizo destinado á retirada de obxectos que non forman parte do lixo doméstico habitual, como colchóns, neveiras, lavadoras, televisores ou outros aparellos de gran tamaño.

Os enseres deberán depositarse nas inmediacións do contedor habitual de cada veciñanza. Porén, para facer uso deste servizo será imprescindible avisar previamente ao Concello, ben chamando ao teléfono 982 541 101 ou acudindo ás oficinas municipais, indicando o tipo de residuo que se vai deixar para organizar correctamente a recollida.

Desde o Goberno local lembran tamén que non está permitido depositar determinados materiais, entre eles ferros, baldosas ou pezas de baño, ao tempo que solicitan separar as botellas de vidro e depositalas no contedor

específico destinado a este tipo de residuos.

O Concello anima á veciñanza a facer uso deste servizo para

contribuír ao correcto tratamento dos residuos e ao mantemento da limpeza e do coidado do municipio.

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA. CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS

DE LUNS A SÁBADO

Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS

De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA

www.facendafarruquino.gal

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)

Tel.: 672 149 386 / 982 009 270

caminofrances.aluminios@gmail.com

A XVI Feira de Artesanía e Produtos da Terra será o día 22 de agosto



A Praza de España do Incio acollerá o vindeiro 22 de agosto a XVI Feira de Artesanía e Produtos da Terra, unha cita xa consolidada e que reunirá artesáns, produtores e visitantes ao longo de toda a xornada. Con motivo desta nova edición, o Concello abriu o prazo de inscrición para os expositores que desexen participar no evento. A feira desenvolverase en horario ininterrompido de 11.00 a 20.00 horas e a participación será gratuíta para os obradoiros inscritos no Rexistro Xeral

de Artesanía de Galicia e para os postos de produtos alimentarios galegos que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria. Terán prioridade as empresas e produtores que contén con distintivos de calidade como a Indicación Xeográfica Protexida ou a marca Artesanía de Galicia. O prazo para formalizar a inscrición permanecerá aberto ata o 12 de agosto ás 14.00 horas. Unha vez rematado, o Concello comunicará aos solicitantes a resolución do proceso de selección.

O Concello busca o apoio da Xunta para desenvolver proxectos

O alcalde do Incio, Héctor Corujo, mantivo unha reunión de traballo co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, para analizar asuntos prioritarios para o desenvolvemento do municipio, como a situación da Casona da Cruz do Incio, un inmoble propiedade da Deputación de Lugo que permanece á espera da súa rehabilitación desde hai anos. Rueda expresou o compromiso da Xunta de colaborar na recuperación do edifi-

cio na mesma medida en que o faga a institución provincial, co obxectivo de convertelo nun espazo público ao servizo da veciñanza. Durante o encontro tamén se abordaron outros proxectos, como a recuperación do antigo balneario da Ferrería, o estudo para desenvolver un polígono industrial no Incio e o impulso do itinerario cultural Eufra-siano, unha iniciativa que podería optar a liñas de axuda da Xunta.

O Festival Terra Brava encherá de música O Incio o 15 de agosto

O municipio do Incio volverá converterse o vindeiro 15 de agosto nun punto de encontro para a música e a cultura coa celebración dunha nova edición do festival Terra Brava. O evento, organizado coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a Xunta e do Concello do Incio, reunirá un cartel no que destacan as actuacións de Lamatumbá, Xosé Lois Romero & Aliboria e Calle Mambo. A presentación do festival contou coa participación do vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro; da deputada de Cultura, Iria Castro; do alcalde do Incio, Héctor Corujo; e do responsable da organización, Luis Valcárcel, que deron a coñecer os detalles dunha cita que busca consolidarse como un dos refe-



rentes culturais do verán na comarca. A programación musical arrancará ás 19.30 horas, aínda que o ambiente festivo comezará moito antes. Desde o mediodía haberá sesión vermú amenizada pola Charanga Bicoia e celebrarse un

xantar popular na carballeira, un espazo no que tamén se instalará unha zona de xogos infantís para o público máis novo. Ademais, a organización habilitará unha área destinada a caravanas e outra para acampada co obxectivo de facilitar a asistencia ao festival.

O V Encontro Soundsystem da Terra Brava reunirá referentes desta música

O Concello do Incio volverá converterse nun punto de encontro para os afeccionados á cultura soundsystem coa celebración da quinta edición do Encontro Soundsystem da Terra Brava, que terá lugar os vindeiros 28 e 29 de agosto. O festival combinará música en directo, actividades formativas e espazos de reflexión arredor da escena *dub* e *reggae*. A programación musical estará encabezada por dous recoñecidos soundsystems. O venres 28 de agosto será a quenda de Dub Mono Hifi, que ofrecerá unha sesión co seu sistema de son completo, mentres que o sábado 29 tomará o relevo Echo Phonics, tamén cunha actuación en formato *full soundsystem*.

Ao longo das dúas xornadas subirán ao escenario Alligator Dubs, Ananda of Akasha, Doña Irene, Dub Dynasty, Dub Mono Hifi xunto a Indra MC, Echo Phonics, Inner Echo con Wends, Ital Roots con Dapatch e Irie Nanara, Joe Yorke, Marian, Numa Crew, Oko, Rain Selectress, Sati Selectah, Souljah Warrior, Spiritual Rockers e Stepper One, conformando un cartel no que se dan cita artistas consolidados e novas propostas da escena dub. O encontro busca consolidarse como unha referencia para os seguidores deste movemento musical en Galicia, favorecendo a convivencia entre público e artistas nun ambiente centrado na cultura *soundsystem*. Ademais

das actuacións, o festival pretende dar visibilidade aos valores de colaboración, intercambio cultural e difusión da música *dub* e *reggae*, converténdose nun espazo de encontro para afeccionados chegados de diferentes puntos da comunidade e doutros territorios. Ademais da programación musical, o encontro incluírá obradoiros, debates abertos e outras actividades destinadas a achegar ao público a cultura *soundsystem* e favorecer o intercambio de coñecementos e experiencias entre artistas e asistentes. O evento conta coa colaboración da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello do Incio, entre outros.

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

Don Pepe

CERVECERÍA PUB
El mejor ambiente todos los días hasta las 3 de la mañana

TAPAS CASERAS
y elaboradas de 19:30 a 23:00 h

LA MEJOR SESIÓN VERMÚ
sábados y domingos desde las 13:00 h

Disponemos de servicio de retransmisión de fútbol con los mejores partidos de Liga y Champions así como del resto de eventos deportivos

Rúa Da Liberdade, 126, 27600 Sarria

A XXVI Feira de Artesanía terá a Valentín Carreira como pregoeiro

O 9 de agosto terá lugar a XXVI Feira de Produtos Artesáns, unha cita xa consolidada no calendario estival do municipio que volverá converter as rúas da vila nun escaparate da artesanía, a gastronomía e as tradicións galegas. O evento está organizado pola Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, que prepara un amplo programa de actividades para todos os públicos.

Ao longo da xornada, as persoas asistentes poderán visitar numerosos postos de artesanía e produtos gastronómicos, ademais de gozar de demostracións de oficios tradicionais e obradoiros nos que distintos artesáns amosarán en directo o proceso de elaboración das súas creacións. A programación completárase con actuacións de grupos de música tradicional e formacións folclóricas, que encherán de ambiente festivo o recinto da feira.

Tamén estará presenta a ANPA do CEIP Samos cunha actividade no Campo da Festa a partir das 18.00 horas co obradoiro 'Os Diferentosos', unha actividade que combinará contacontos, xogos e manualidades co obxectivo de ofrecer unha tarde de lecer, imaxinación e creatividade



aos máis pequenos. A iniciativa busca que os nenos e nenas participen activamente nas diferentes historias e dinámicas, promovendo valores como a diversidade, a creatividade, o traballo en equipo e o respecto polos demais a través do xogo e da narración. A actividade está dirixida a rapaces e rapazas de entre 5 e 11 anos, mentres que os menores de cinco anos deberán asistir acompañados por unha persoa adulta.

Un dos momentos máis destacados desta edición será o pregón inaugural, que correrá a cargo do escritor e xornalista Valentín Carrera González (Ponferrada, 1958), quen toma a

substitución do catedrático Antonio Rigueiro, pregoeiro en 2025.

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos escolleu a Valentín Carrera para desempeñar este papel polo seu estreito vínculo co municipio. Segundo explicou o presidente da entidade, José Fernández, a designación responde á relación que o escritor mantén con Samos a través da figura do misionero e explorador frei Rosendo Salvado, nacido no mosteiro samanense e considerado unha das personalidades máis relevantes da historia de Galicia polo seu labor en Australia.

Samos acolle unha exposición sobre a hospitalidade monástica



A praza Fiz Vergara Vilariño de Samos acolle durante este mes de agosto a exposición Hospitalidade monástica, unha iniciativa impulsada pola editora lucense Initium Lar que busca divulgar a importancia histórica dos mosteiros como espazos de acollida e asistencia aos peregrinos ao longo dos séculos.

A mostra, que permanecerá aberta ao público ata finais de agosto, complétase cun audiovisual que pode visionarse nos baixos da Casa do Concello. A través de paneis informativos acompañados de abundante material gráfico, a exposición realiza un percorrido pola relación entre os mosteiros e o Camiño de Santiago, destacando o papel que estas comunidades relixiosas desempeñaron na atención a viaxeiros e peregrinos desde a Idade Media.

Os contidos permiten coñecer a presenza de mosteiros e abadías ao longo das distintas rutas xacobeas, desde os itinerarios do Camiño Francés en territorio fran-

cés e español ata a extensa rede monástica existente en Galicia. A mostra analiza como estes centros contribuíron á consolidación das peregrinacións e ao desenvolvemento do fenómeno xacobeo ata os nosos días.

Un dos apartados máis destacados céntrase no caso de Samos, onde se recolle documentación histórica que acredita a acollida de peregrinos desde época medieval tanto na hospedaría do mosteiro como nun antigo hospital, hoxe desaparecido, que estivo situado na actual avenida Compostela.

A exposición tamén pon o foco na relevancia do Mosteiro de Samos, unha das institucións monásticas máis antigas e influentes de Galicia, cuxa historia está estreitamente ligada á evolución do Camiño de Santiago. Neste sentido, subliñase a contribución dos monxes samonenses ao nacemento e difusión do culto xacobeo, así como a súa relación coa propia orixe da cidade de Santiago de Compostela.

Conceden 30.000 euros para mellorar infraestruturas do municipio

O Concello de Samos recibiu unha subvención de 30.000 euros da Axencia Turismo de Galicia para executar distintas actuacións destinadas a mellorar as infraestruturas turísticas do municipio.

Unha parte do investimento destinarase á posta en valor do miradoiro de Penabranca, situado na ruta do Carballal. O espazo, que na actualidade conta unicamente cun valado de protección, será acondicionado coa substitución deste peche, a instalación de bancos e dunha mesa interpretativa para que veciñanza e visitantes poidan gozar das vistas sobre Samos e Sarria.

A actuación completárase coa colocación de novos paneis informativos e sinalización turística en diferentes puntos do municipio, así como coa retirada dun antigo depósito de auga situado no colexio. Esta infraestrutura atópase en desuso e, segundo o Concello, provoca un impacto visual negativo ao ser visible desde o Camiño de Santiago.

Inicialmente, o Concello tamén tiña previsto habilitar un novo mi-

radoiro na entrada da vila de Samos, ao paso do Camiño Francés, desde onde existe unha ampla panorámica do mosteiro benedi-

tino. Porén, esta intervención non poderá levarse a cabo ao non obter a autorización necesaria por parte de Patrimonio.

A cerámica artesanal protagoniza un novo obradoiro de xabóns



A Asociación Cultural Val de Láncara, coa colaboración do Concello de Láncara, organizará o próximo 23 de agosto un obradoiro de elaboración de xabóns artesanais dirixido a todas aquelas persoas interesadas en achegarse a esta técnica tradicional. A actividade contará cun máximo de 15 participantes e permitirá aos asistentes coñecer o proceso de creación deste tipo de produtos artesanais, ademais de aprender diferentes técnicas e elaboracións. O prezo de inscrición será de 5 euros para as persoas socias da entidade

organizadora e de 10 euros para as non socias. As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición antes do 17 de agosto a través do teléfono 691 175 650. Desde a organización animan á veciñanza a sumarse a esta proposta, que combina aprendizaxe, creatividade e convivencia nun ambiente participativo. Con iniciativas deste tipo, a Asociación Cultural Val de Láncara continúa promovendo actividades que contribúen á dinamización social e cultural do municipio.

A Asociación Veciñal e Cultural Santiago de Cedrón organiza unha excursión a Miño

A Asociación Veciñal e Cultural Santiago de Cedrón organiza para o vindeiro 8 de agosto unha excursión á praia de Miño, unha actividade pensada para ofrecer unha xornada de lecer e convivencia aos veciños e socios da entidade. A saída realizarase ás 9.00 horas desde a Cantina de Saa, na parroquia de Santiago de Cedrón,

e o desprazamento efectuarase en autobús. O xantar non está incluído no prezo da viaxe. O custo da actividade é de 20 euros para as persoas socias, 25 euros para as non socias e 15 euros para os menores de 12 anos. As persoas interesadas en participar deberán reservar a súa praza chamando ao teléfono 604 877 750.

O Puebla Futsal será o pregoeiro das Festas de San Roque da Pobra

A Pobra de San Xiao celebrará as festas de San Roque os días 15, 16 e 17 de agosto cun completo programa de actividades organizado pola Asociación Gastronómica Cultural Patacas Novas. A programación combinará tradición, música en directo, actos relixiosos, animación infantil e gastronomía, con propostas ao longo de tres días para todos os públicos. Un dos anuncios máis destacados é a elección do Puebla Futsal como pregoeiro das festas. A organización quixo recoñecer a traxectoria do equipo, ao que define como un exemplo dos valores do deporte, como o esforzo, o compromiso, o compañeirismo, a superación e o orgullo de representar á Pobra de San Xiao. O nomeamento chega, ademais, nun momento especialmente significativo para o club, tras conseguir recentemente o ascenso á Preferente Galicia. Desde a organización consideran que será unha honra que os integrantes do equipo sexan os encargados de dar o pistoletazo de saída ás festas deste ano. A celebración arrancará o sábado 15 de agosto. Ás 13.00 horas terá lugar o Entroido de verán, cunha temática de charramangueira e carnaval hortera, no Prado Patacas Novas. Haberá vales para a comida no teléfono 669 572 517. Ás 17.30 horas comezarán os pasarrúas coa



Charanga Chispum. Pola noite, ás 21.30 horas, celebrarase o pregón do Puebla Futsal no campo da festa. Ás 22.30 horas actuará o grupo Carta de Axuste, mentres que á 00.00 horas será a quenda de DJ Lopqui. Como fin de festa, actuará DJ Aleso. O domingo 16 de agosto, festividade de San Roque, a xornada comezará ás 11.00 horas cos pasarrúas organizados pola Asociación Val de Láncara. Ás 13.30 horas celebrarase a misa solemne seguida da procesión, acompañadas por Val de Láncara. Ás 14.00 horas haberá sesión vermú co dúo Belinda, mentres que ás 15.30 horas terá lugar a comida homenaxe a Kiko no Prado Patacas Novas, con reserva de vales no teléfono 669 572 517. A continuación actuará DJ Min. Xa pola noite, ás 21.00 horas, celebrarase

unha paellada popular, cun prezo de 10 euros. Ás 22.00 horas volverá actuar o dúo Belinda e á 00.00 horas subirá ao escenario o grupo Los Coleguitas. O remate da festa estará amenizado novamente por DJ Min. As festas concluirán o luns 17 de agosto. Ás 13.00 horas celebrarase a misa solemne e a procesión. Ás 14.00 horas terá lugar a sesión vermú co grupo Punto Clave. Ás 17.00 horas haberá un espectáculo de maxia a cargo do Mago Lolo, ademais da Festa da Escuma e un inchable na praia fluvial. Entre as 20.00 e as 21.00 horas desenvolveranse atraccións infantís con redución do ruído. Ás 21.00 horas actuará o Dúo Dilema, mentres que ás 23.00 horas comezará a verbena co grupo Punto Clave. A celebración despedirase coa sesión de DJ Casanova.

Láncara volve render homenaxe á troita con varias xornadas gastronómicas

O Concello de Láncara volve apostar pola promoción da súa tradición gastronómica coa celebración de varias xornadas dedicadas á Troita, que comezaron en xullo coa degustación gratuita de troita aos bares das parro-

quias do municipio para achegar este produto típico a diferentes puntos do concello e dinamizar a hostalaría local. A programación continuará o 14 de agosto coa Festa da Xuventude e da Troita, que se desenvol-

verá na Praza dos Labregos, na Pobra de San Xiao. A xornada arrancará cunha degustación gratuita de troita coa consumición, amenizada pola charanga Unión Phenosa. Pola noite, a música será a protagonista cun concerto dos grupos Gintoni's e A Duendineta, que porán o peche festivo á celebración. O Concello ten prevista unha terceira cita o 4 de setembro, cando a Festa da Troita chegará aos establecementos Casa Enriqueta, Casa Pedro, A Reboleira e Cantina de Saa, onde tamén se ofrecerán degustacións gratuítas deste produto. Con esta iniciativa, o Concello de Láncara busca promover un dos produtos máis representativos da gastronomía local, apoiar a actividade da hostalaría e ofrecer novas propostas de lecer durante os meses de verán.

LOMA SARRIA s.l.

NÁN

viaxendos

Rúa do Peregrino 37, Bajo - Sarria (Lugo)

615 40 23 93 - 653 990 040

info@lomasarria.com

Proyectos que transforman Sarria

Peluquería

Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

A Deputación inviste en Láncara para a conservación da rede viaria

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, visitou o concello de Láncara, onde mantivo un encontro institucional co alcalde, Darío Piñeiro, para avanzar en novos proxectos destinados á mellora das infraestruturas municipais. A xornada serviu para formalizar un convenio de colaboración centrado na conservación da rede viaria local e para coñecer sobre o terreo distintas actuacións executadas ou en marcha grazas ao apoio económico da institución provincial.

O principal acto da visita foi a sinatura dun acordo entre ambas administracións que permitirá destinar 263.806,80 euros á renovación de varios camiños municipais. A Deputación asumirá a maior parte do investimento, cunha achega de 250.000 euros, mentres que o Concello completará o financiamento restante.

As actuacións desenvolveranse nas parroquias de Pedreira, Láncara, Traslite, Vilar de Toirán, Ronfe e Vilambrán, co obxectivo de mellorar o estado das vías, incrementar a seguridade na circulación e facilitar as comunicacións entre os diferentes núcleos do municipio.

Durante o acto, Carmela López puxo en valor a cooperación entre a Deputación e os concellos como ferramenta para atender as necesidades da cidadanía. A presidenta destacou que a mellora dos camiños municipais repercute directamente na vida diaria da veciñanza, ao facilitar os



desprazamentos, favorecer o acceso ás explotacións agrogandeiras, aos servizos públicos e ás vivendas, ademais de contribuír á dinamización e á fixación de poboación no medio rural.

A responsable provincial tamén incidiu en que o traballo conxunto entre administracións permite optimizar os recursos públicos e facer realidade proxectos que, en moitos casos, resultarían difíciles de afrontar unicamente cos fondos municipais.

A visita incluíu ademais un percorrido polo Paseo da Estación, onde Carmela López comprobou o resultado das actuacións realizadas coa colaboración do Parque Móvil da Deputación e dun obradoiro de emprego. Estes traballos permitiron acondicionar este espazo público mediante a utilización de maquinaria e medios da institución provincial, mellorando a súa imaxe e funcionalidade para o

uso da veciñanza.

Posteriormente, a presidenta desprazouse aos accesos do polígono industrial da Pobra de San Xiao para coñecer o proxecto de renovación do firme que contará cunha achega provincial de 50.000 euros. A intervención busca mellorar a seguridade e a accesibilidade da área empresarial, favorecendo a actividade económica e a implantación de novas empresas. A xornada concluíu coa visita á nova rúa de acceso á praia fluvial da Pobra de San Xiao, unha actuación financiada a través do Plan Deputación 2025 cun investimento de 69.000 euros, dos que 60.000 foron achegados pola institución provincial. A obra permitiu humanizar este acceso, mellorar a mobilidade de peóns e vehículos e integrar de forma máis adecuada este espazo recreativo dentro da contorna urbana.

O Concello, máis preto da urbanización dos accesos ao futuro polígono



O Concello de Láncara adxudicou por 65.000 euros as obras que permitirán completar a urbanización dos accesos ao futuro polígono industrial da Pobra de San Xiao.

A actuación, que será executada pola empresa Hordescor, conta cun prazo de execución de tres meses e está financiada a través dun convenio entre o Concello e a Deputación de Lugo, que achega 50.000 euros, mentres que a administración local asumirá o importe restante.

Os traballos permitirán pavimentar a vía de acceso, para o que previamente se realizará un nivelado da calzada debido ao seu deterioro e á presenza de fochancas.

Ademais, completárase a construción das beirarrúas coa execución dos rebaixas peonís en baldosa hidráulica, instálense arquetas de telecomunicacións e sumidoiros e dotárase o vial da correspondente sinalización horizontal e vertical.

Segundo recolle o proxecto, esta estrada constitúe o principal ac-

ceso ás parcelas industriais da localidade, ás fábricas de móbiles e á estación depuradora de augas residuais, presentando na actualidade un estado deficiente que ocasiona problemas de seguridade e molestias ao tráfico.

Esta actuación permitirá concluír unha obra iniciada en 2023 e que quedou interrompida debido á necesidade de modificar unha liña eléctrica de media tensión afectada polos traballos. O atraso na execución do soterramento e traslado da infraestrutura por parte da compañía eléctrica provocou un incremento dos custos e obrigou a deixar pendentes actuacións previstas inicialmente, entre elas o asfaltado da calzada.

Na primeira fase da urbanización executouse o soterramento das redes de servizos, construíuse boa parte das beirarrúas de formigón e preparouse a base da futura calzada, quedando agora por rematar a actuación para completar o acceso ao futuro parque empresarial.

A Deputación e a Xunta impulsan melloras no municipio lancarés

Láncara beneficiarse de novos investimentos da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia destinados á mellora das infraestruturas viarias do municipio. Por unha banda, a Deputación de Lugo aprobou un convenio de colaboración co Concello de Láncara que supón unha achega provincial de 250.000 euros para executar obras de mellora en diferentes vías municipais. Os traballos levaranse a cabo nas parroquias de Pedreira, Láncara, Traslite, Vilar de Toirán, Ronfe e Vilambrán. As actuacións previstas inclúen a apertura e limpeza de cunetas, a reparación de desperfectos, a pavimentación con aglomerado en quente e a execución da correspondente sinalización horizontal. O obxectivo é mellorar a mobilidade da veciñanza, facilitar os accesos ás vivendas e reforzar as comunicacións coas explotacións agrogandeiras da zona.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou as obras de renovación do firme da estrada LU-621, vía que comunica A Pobra de San Xiao con Baralla. A intervención afectará ao tramo comprendido entre os pun-

tos quilométricos 11+300 e 19+000, cun percorrido de 7,7 km que discorre polo termo municipal de Láncara. Os traballos consistirán na renovación superficial do pavimento, o repintado das marcas viarias e a reposición da sinalización horizontal.

PINTOR

PINTURAS HOGAR LATAS
 tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936
HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
 C/ Benigno Quiroga,
 93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

SONDEOS CORDERO
 Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

triacastela

Recupérase un forno histórico tras case 70 anos sen uso nun evento



A Casa de Eirexavella, en Triacastela, converteuse no epicentro do proxecto de arte colaborativa O Banquete dos Paxaros, unha proposta impulsada pola Asociación de Municipios do Camiño de Santiago (AMCS) dentro do programa 'Trazas Vivas: Arte, Comunidade e Camiño'. A iniciativa reuniu veciñanza, peregrinos e visitantes arredor dunha serie de actividades participativas dirixidas pola artista e investigadora Silvia García, que propón reflexionar sobre a relación entre comunidade, paisaxe e patrimonio cultural a través da creación compartida. Un dos momentos máis destacados da programación tivo lugar o sábado coa recuperación do antigo forno da Casa de Eirexavella, que volveu acenderse despois de permanecer preto de sete décadas

sen utilizarse. Durante a actividade, os participantes elaboraron letras de pan que posteriormente foron cocidas no propio forno, nunha experiencia que serviu tamén para recuperar recordos e vivencias vinculadas ao uso tradicional destes espazos comunitarios. A programación continuou o domingo cun obradoiro de la e feltrado no que participaron principalmente veciñas maiores de Triacastela, acompañadas por peregrinos e familias. As asistentes achegaron ferramentas e pezas elaboradas décadas atrás, convertendo a actividade nun espazo de intercambio de coñecementos e transmisión de saberes entre xeracións. O proxecto concluíu cunha xornada de portas abertas na que os asistentes poderán coñecer o traballo desenvolvido

Triacastela acolle dúas novas iniciativas culturais en agosto

Triacastela reforzará a súa oferta cultural durante o mes de agosto coa celebración de dúas actividades que combinarán creación artística e música en directo. A primeira das propostas será a apertura da mostra 'Φribio', da artista Ana Carballo Balboa, que poderá visitarse na Fonte do Lunar, xunto á Casa do Concello. A exposición abrirá as súas portas o 17 de agosto ás 18.00 horas e permanecerá accesible ata o día 28. A colección está inspirada na paisaxe e na contorna natural de Triacastela, tomando como referencia elementos propios do territorio e da súa identidade visual. A mostra poderá visitarse diariamente en horario de 18.00 a 21.00 horas, ofrecendo un espazo para descubrir o traballo creativo de Ana Carballo Balboa e para reflexionar sobre a relación entre a arte e a natureza. Na mesma xornada, ás 19.00 horas, a música tomará o relevo coa actuación da Banda de Música da Comarca de Sarria na Praza do Concello, situada na Praza Deputación. O concerto permitirá ao público gozar dun repertorio interpretado por unha das formacións musicais máis recoñecidas da comarca. Esta actuación enmárcase dentro do programa Tradigalu 2026, impulsado pola Xunta de Galicia para promover e divulgar a música tradicional e popular galega a través de concertos e actividades culturais en distintos municipios da comunidade.

o páramo

O Páramo será escenario en setembro da II edición da BTT A Ribeira



O Concello do Páramo volverá ser escenario dunha nova edición da BTT A Ribeira, unha iniciativa impulsada por Pilar e Alba, integrantes do Atlántigas Club Deportivo, que se celebrará o vindeiro 12 de setembro. A proba desenvolverase cunha ruta curta de 37 quilómetros, unha ruta longa de 50 quilómetros e unha Mini BTT cun percorrido de 18 quilómetros que incluírá tamén un tramo con obstáculos nunha leira. Todas as saídas e chegadas estarán situadas no campo da festa de San Mamede da Ribeira, desde onde os participantes iniciarán as rutas ás 9:30 horas. Este ano daranse uns detalles para os tres primeiros clasificados e clasificadas en cru-

zar a meta tanto na ruta curta como na longa. Ademais, manteranse os recoñecementos ao club máis numeroso, ao participante máis novo, ao máis veterano, ao participante do lugar máis afastado e tamén ao máis elegante. A programación incluírá tamén avituallamentos ao longo dos percorridos e unha comida popular destinada aos participantes e ás persoas implicadas na organización do evento. Xa pola tarde, entre as 16:30 e as 19:30 horas, desenvolveranse actividades infantís con monitores, inchables e pintacaras, abertas tanto ás familias dos inscritos como ás persoas que participen na comida popular.

Tira Ca Estela organiza unha andaina para ver a eclipse total de sol

A Asociación Tira Ca Estela de Triacastela organizará o vindeiro 12 de agosto unha andaina con motivo da eclipse total de sol, unha proposta que busca reunir

aos participantes para gozar dun dos fenómenos astronómicos máis destacados do ano nun entorno natural. A actividade dará comezo ás

18.00 horas na praza do Concello de Triacastela, desde onde partirá o percorrido ata un miradoiro no que os asistentes poderán contemplar a eclipse. A participación será gratuíta para as persoas socias da entidade, mentres que os non socios deberán aboar unha cota de 3 euros. A organización ofrecerá petiscos para todos os asistentes, a primeira consumición será gratuíta e repartiranse lentes especiais para observar a eclipse con total seguridade, ata esgotar existencias. Desde Tira Ca Estela animan á veciñanza e aos visitantes a participar nesta iniciativa e lembran que é preciso inscribirse con antelación para poder asistir á actividade.

Friolfe celebrará as festas de San Lourenzo os días 10 e 11

A parroquia de Friolfe, no concello do Páramo, celebrará os días 10 e 11 de agosto as festas na honra a San Lourenzo cun programa que combinará actos relixiosos e actuacións musicais para todos os públicos. A programación arrancará o luns 10 de agosto coa misa solemne ás 13.30 horas, seguida da procesión e dunha sesión vermú amenizada pola orquestra Punto Clave. Pola noite, a festa e a verbena

correrán a cargo da propia Punto Clave e da orquestra Nueva Línea, chegada desde Canarias. As celebracións continuarán o martes 11 de agosto cunha nova misa solemne ás 13.30 horas, seguida da procesión e da sesión vermú coa Orquestra Pontevedra. Xa pola noite, a formación volverá actuar na verbena, compartindo escenario coa orquestra Pontevedra, que será a encargada de pechar as festas.

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria
Telf. 982 532 202

O Páramo: Benjamín García

“Cando o veciño che vén pedir algo é porque o necesita”



DATOS

HABITANTES: 1.265.
PARROQUIAS: 18.
EXTENSIÓN: 74,45 km2.
PARTIDO XUDICIAL: Sarria.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP e 3 concelleiros de Alternativa Veciñal polo Páramo.
ALCALDE: Benjamín García.
VOCEIRO ALTERNATIVA VECIÑAL POLO PÁRAMO: Gumersindo Rodríguez.

Tras varios anos ligado á política municipal, asumiu a Alcaldía en xuño coa intención de continuar o traballo iniciado e axudar á veciñanza

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Comecei na política no Concello do Páramo en 2019, cando José Luis López decidiu separarse do Partido Popular e crear unha candidatura independente baixo o nome de Todo polo Páramo. Eu formei parte desa lista, coa que conseguimos gañar as eleccións municipais dese ano e gobernar durante o mandato 2019-2023. Nas eleccións municipais de 2023, volvemos presentarnos baixo as siglas do Partido Popular, encabezando novamente a candidatura. Nesa convocatoria tamén se presentou unha lista alternativa baixo o nome de Alternativa Veciñal polo Páramo, encabezada por Gumersindo Rodríguez, que fora alcalde do Concello polo Partido Popular ata 2019. Finalmente, a candidatura do Partido Popular volveu gañar as eleccións, con José Luis López como alcalde,

e eu formei parte da lista que fixo posible ese resultado.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Eu era tenente de alcalde e, cando Pepe decidiu deixar a Alcaldía, elixíronme para asumir esa responsabilidade. Deste xeito, pasei a estar á fronte do Concello, contando sempre co apoio de Pepe, que continuou ao meu lado durante todo este proceso. Durante case dous anos asumín as funcións de alcalde mentres Pepe se atopaba de baixa por enfermidade, levando o día a día do Concello e garantindo a continuidade do traballo municipal. Agora afrontamos esta nova etapa coa responsabilidade de seguir ao fronte do Concello, polo menos ata maio, mantendo o compromiso co municipio e coa veciñanza.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Se queres axudar, tes moito traballo por diante. No meu caso, ao seguir traballando, non teño un salario como alcalde. Pero a min non me move o económico, senón a vontade de axudar aos veciños no que poida e estar ao seu servizo.

E beneficios?

Para min, o maior beneficio é relacionarme coa xente. Eu ando máis por Paradela e Portomarín, polo que agora coñezo a moita xente do Concello, falamos de moitas cousas e ás veces tamén discutimos, pero a xente non é tan mala como ás veces se pinta. Se falas cos veciños, chegas a acordos e de forma boa. A min gústame relacionarme coa xente. Como equilibra a vida pública e a privada? Neste mundo, se queres facer cousas sempre hai tempo. Na vida todo é cuestión de organizarse.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Teremos unha reunión entre todos e será o que se decida. Non teño obxectivos políticos, que-



remos que se cumpra o que nos prometeron desde o Partido Popular, porque, se non, será un hándicap para as seguintes eleccións. Pero a cabeza de lista acordámola entre todos.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Intentar facer un edificio para asentar poboación, porque non hai nada para comprar. Se quere-mos que o Concello medre, é unha das maneiras de facelo. Os pobos estanse quedando baleiros e debería haber casas ou pisos para que poida vir xente. Outro tema importante é o da residencia, que penso que se vai anunciar pronto.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Aínda non as pensamos, pero serán parecidas ás da anterior lexislatura, engadindo o tema do edificio ou das vivendas para que a xente poida asentarse, así como promover o da residencia.

Cales considera que son as prin-

cipais necesidades no seu concello?

Queremos conservar as estradas e intentar melloralas. Algo moi importante tamén é a rede de auga, porque temos pobos que aínda non dispoñen dela e hai que solucionar moitas avarías. Iso hai que arranxalo. Hai que ter en conta que o noso orzamento é moi baixo.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Acondicionouse o campo da feira, que é grande e bonito. Tamén estamos orgullosos das festas que se continúan facendo no Páramo.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Polo menos, ser próximo e agradable, porque cando o veciño che vén pedir algo é porque o necesita, e o menos que se pode facer é atendelo e quitarlle o problema de enriba.

Como é a súa relación coa oposición?

A relación é boa. Hai que relacionarse ben con todo o mundo.

EN CLAVE PERSOAL

• **Idade, estado civil e familiar**
59, solteiro e sen fillos
• **Profesión e formación**
Estudei unha FP agraria e traballo como gandeiro nunha explotación da que son socio
• **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Algo dentro das miñas capacidades
• **Que quería ser de maior?**
Non tiña unha vocación concreta
• **Que fai para desconectar?**
Saír cos amigos
• **Unha virtude e un defecto**
Terao que dicir a xente e seguro que moitos
• **Un consello para compartir**
Aquí estamos 4 días, e deses un bo, así que hai que levarse ben entre todos e dialogar
• **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Non leo moito, hai moito que non

vexo películas e a música gústame de todo tipo
• **Unha afección**
Non teño moitas afeccións
• **Un lugar que visitar**
Canarias
• **Unha comida e unha bebida**
Gústame todo
• **Unha personaxe admirada**
A miña nai
• **Unha posesión prezada**
A casa
• **Un desexo**
Felicidade e que todo vaia ben
• **Algo para esquecer**
Non sei
• **Que é o que máis valora nunha persoa?**
Que se poida falar con ela e que sexa humilde
• **Un desafío pendente**
Non teño
• **Onde se ve en cinco anos?**
Non sei, pero no Páramo



DEPUTACIÓN

A Deputación realizará 21 accións formativas para mil empregados

A Deputación está a impulsar unha Administración máis moderna e preparada a través dunha nova edición do Plan Agrupado de Formación Continua. Este programa que a institución provincial desenvolve desde 1995 está consolidada como unha ferramenta estratéxica para mellorar a capacitación do persoal das entidades locais e contribuír á mellora dos servizos públicos que recibe a veciñanza.

A presidenta da Deputación, Carmela López, valorou esta iniciativa “que nos permite apoiar aos concellos, especialmente aos de menor tamaño, poñendo á súa disposición recursos e oportunidades de formación que dificilmente poderían asumir con medios propios”. “Investir na capacitación do persoal é investir nuns servizos públicos de maior calidade. Unha Administración moderna non depende só da tecnoloxía; depende, sobre todo, das persoas que a fan posible cada día”, engadiu.

O Plan Agrupado de Formación Continua está dirixido aos 5.114 empregados públicos das administracións locais da provincia e oferta este ano un total de 664 horas lectivas e 975 prazas en 21 accións formativas que se desenvolven entre xuño e novembro.

Este programa, con máis de tres décadas de traxectoria, reflicte, en palabras da Presidenta, “a aposta sostida da Deputación por acompañar aos concellos na mellora da

súa capacidade de xestión, ofrecendo formación especializada que resulta especialmente valiosa para os municipios pequenos, que dificilmente poderían dispoñer dunha oferta destas características con recursos propios”.

A edición de 2026 reforza a aposta da Deputación de Lugo pola modernización da Administración Local incorporando materias de plena actualidade como a intelixencia artificial aplicada á xestión local, a ciberseguridade, as competencias dixitais avanzadas, a protección de datos, a contratación pública, a xestión orzamentaria, a atención á cidadanía ou a protección do medio ambiente, sen deixar de lado ámbitos esenciais para o funcionamento diario das entidades locais.

O Plan está deseñado para dar resposta ás necesidades de todas as escalas da Administración Local, tanto da Administración Xeral como da Especial, dando cobertura ao persoal técnico, de xestión, administrativo, auxiliar e subalterno, así como a colectivos específicos, entre eles as policía locais.

Outro dos piares desta iniciativa é facilitar o acceso á formación con independencia do concello no que desenvolva o seu traballo cada empregado. Por iso, a maior parte das accións impártense en modalidade en liña, complementadas con telepresenza e videoconferencia, reducindo desprazamentos e favorecendo a conciliación.

Combater a despoboación: a clave para a prevención dos lumes

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, destacou que combater a despoboación é unha ferramenta chave na prevención dos lumes. Unhas declaracións que realizou durante a presentación do Análise da relación entre despoboamento rural e cambio nos réximes de incendios do Sureste Europeo no Pazo de San Marcos. O informe, impulsado polo Eixo Atlántico e elaborado polo enxeñeiro Juan Picos, sinala a revitalización do territorio como unha das principais ferramentas para reducir o risco dos grandes lumes.

Carmela López destacou que “na provincia de Lugo sabemos ben do que falamos cando falamos de incendios forestais. Vímolos xa este verán e sufrímolos nos últimos anos, con lumes que deixaron unha fonda pegada, especialmente na Ribeira Sacra”.

“Este é o cambio de modelo que Galicia necesita. Non podemos conformarnos cun sistema que concentra os esforzos na extinción. A prevención debe ocupar o lugar central, con planificación, con recursos suficientes e cunha xestión activa do territorio durante os doce meses do ano”, argumentou.

Puxo sobre a mesa a presidenta que “a ciencia confirma o que o rural leva moito tempo advertindo: o abandono do territorio, a perda da actividade agraria e forestal e o despoboamento aumentan o risco e fan que os incendios sexan cada vez máis



difíciles de controlar. Esa realidade non admite improvisación, require políticas sostidas no tempo”.

Sinalou que desde a Deputación “seguiremos asumindo as nosas responsabilidades: colaborando cos concellos, investindo no rural e contribuíndo a manter vivo o territorio”, pero que “Galicia merece unha política forestal á altura do reto que ten por diante”.

O estudo, que presentaron o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, e o propio autor, analiza a evolución demográfica e os incendios rexistrados entre 2016 e 2026 en máis de 4.400 unidades administrativas de España, Francia e Portugal. Os datos obtidos confirman a estreita relación que existe entre o abandono do medio rural, o envellecemento da poboación e

a proliferación dos grandes lumes forestais.

Segundo explicou Picos, o abandono da actividade agrícola, gandeira e forestal favorece a expansión das matogueiras, a acumulación de combustible vexetal e a perda da paisaxe en mosaico, un elemento clave para frear a propagación do lume. Factores aos que se suma o envellecemento, a perda de servizos básicos a diminución da capacidade de xestión do territorio ou o cambio climático, elevando o risco de incendios extremos.

As medidas propostas no texto para frear esta tendencia pasan pola recuperación da actividade no sector primario, a conservación das paisaxes diversificadas, o impulso do relevo xeracional ou unha xestión que limite a acumulación de biomasa.

Os incendios e a educación pública centraron o debate do pleno

O Pleno da Deputación aprobou a proposta do Goberno provincial a instar á Xunta de Galicia a impulsar un novo modelo de prevención e defensa contra os incendios forestais, adaptado á realidade actual e centrado na prevención como principal ferramenta para protexer o territorio, o rural e a poboación.

A presidenta da Deputación, Carmela López, indicou antes do inicio da sesión que se está afrontando un escenario marcado por lumes cada vez máis intensos e complexos, que obrigan a revisar as políticas públicas nesta materia. A iniciativa saíu adiante co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

A Deputación de Lugo tamén mandará á Xunta de Galicia un en-

sino público de calidade, incluso, en galego e con recursos suficientes. A iniciativa socialista foi defendida polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen advertiu de que a educación pública constitúe un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social, especialmente nunha provincia como Lugo, marcada pola dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e o despoboamento do rural.

A moción, aprobada co apoio do BNG e o deputado non adscrito, inclúe o apoio institucional da Deputación ao profesorado, ao persoal educativo, ao alumnado e ás familias, e insta á Xunta a garantir un ensino público suficientemente financiado, incrementar os cadros de persoal

docente e educativo, cubrir con axilidade as substitucións, reducir as ratios e evitar o peche de escolas no rural. Os votos de PSOE e BNG rexeitaron a proposta popular de que se tiveran en conta as demandas dos médicos para modificar o Estatuto Marco e rematar coas folgas que se reanudarán en setembro.

A portavoz do BNG, Iria Castro, denunciou a “involución” do PP respecto ao galego e reclamou recuperar o consenso político e social arredor da lingua acadado co Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004. A moción nacionalista, que foi aprobada, critica a proposta de actualización presentada pola Xunta.

Tamén reclamou á Xunta medidas urxentes para apoiar o sector apícola.

ASESORÍA XURÍDICA



O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández Méndez, visitou a sede do Colexio da Avogacía de Lugo para coñecer o funcionamento do Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penal (SOAJP), un programa dirixido a atender as necesidades xurídicas das persoas internas nos centros penais de Bonxe e Monterroso.

DEPORTES

A SD Sarriana será a nova casa dos futbolistas do filial do CD Lugo

O Club Deportivo Lugo e a Sociedade Deportiva Sarriana formalizaron un convenio de colaboración deportiva co obxectivo de reforzar a relación existente entre ambas as entidades e establecer unha liña de traballo conxunta de cara á próxima tempada.

A través deste acordo, a SD Sarriana convértese en club conveniado do conxunto albivermello e ofrecerá soporte deportivo aos mozos futbolistas do CD Lugo que se atopen nunha fase de transición entre a etapa xuvenil e o fútbol profesional. O propósito é que estes xogadores poidan competir nun contexto próximo e adecuado ao seu proceso de formación, formando parte dun club con obxectivos definidos para o novo curso.

O convenio permitirá manter un contacto directo entre ambas as entidades para realizar un seguimento continuo dos futbolistas do CD Lugo que se incorporen ao equipo sarrián. Deste xeito, o club lucense continuará atento á súa evolución, á súa adaptación e á súa situación deportiva ao longo da tempada.

O primeiro equipo da SD Sarriana competirá a próxima campaña en Terceira Federación despois de completar unha tempada histórica na categoría superior. A traxectoria do conxunto nas últimas campañas e a ambición coa que afronta o novo curso sitúano nun escenario competitivo axeitado para que os mozos xogadores albivermellos acumulen minutos, asuman responsabilidades e continúen coa súa progresión deportiva dentro dun proxecto que aspira a seguir medrando. O CD Lugo agradeceu á SD Sarriana a súa predisposición, implicación e confianza para facer posible este convenio, que une a dous clubs do mesmo territorio e que permitirá avanzar de maneira conxunta tanto no desenvolvemento dos novos futbolistas albivermellos como no crecemento deportivo da entidade sarriá.

NOVAS FICHAXES E RENOVACIÓNS. A SD Sarriana continúa avanzando na planificación da próxima tempada cun ambi-



cioso proxecto deportivo que combina a incorporación de novos reforzos, a continuidade de xogadores importantes e a estabilidade da súa estrutura de fútbol base. Tras anunciar semanas atrás a chegada de Alberto Mariano como novo adestrador do primeiro equipo, a entidade da Ribela segue dando forma ao plantel co obxectivo de competir con garantías na Terceira RFEF.

No apartado da base, o club confirmou a continuidade de Josiño como coordinador do fútbol formativo por unha campaña máis. Xunto a el seguirán traballando Raúl, á fronte do Fútbol 11, e Álex Varela, responsable do Fútbol 8, mantendo así a aposta pola formación e o desenvolvemento da canteira.

En canto ás incorporacións, a Sarriana sumou ao central Karl Emmanuel, un defensa que destaca pola súa forza e velocidade e que afrontará a súa estrea na Terceira RFEF tras a súa progresión na Preferente con equipos como o Atlético Escalón e o Lemos. Tamén chega Osián, atacante de 23 anos que foi protagonista no ascenso da UD Ourense desde a Preferente ata a Primeira RFEF e que achegará talento e capacidade goleadora ao conxunto sarriao. A banda reforzase coa incorporación de Álex Cabarcos, lateral con ampla experiencia na categoría tras o seu paso por equipos como As Pontes, UD Ourense e Somozas, mentres que a portería contará con dúas novas caras. Jairo Luaces dará o salto ao fútbol sénior despois de formarse integralmente na canteira do CD Lugo, e Diego Domínguez chega procedente da base do Sevilla e

tras compaxinar a pasada campaña entre o Sporting Atlético e o filial do Xerez DFC.

A liña defensiva tamén se verá fortalecida coa chegada de Hugo Díaz, formado na canteira do Lugo e capitán do seu equipo na última tempada, ao que se suman os nomes de Aimar Gómez e Víctor Pascual, que completan o grupo de novas incorporacións.

No ataque, o club incorpora a Álex Pérez, dianteiro coruñés que regresa á Terceira RFEF tras tres campañas con protagonismo na Segunda RFEF defendendo as cores do Bergantiños, Coruxo e Racing Villalbés. Pola súa banda, Andoni Pérez reforzará a mediapunta despois de liderar o ascenso do Portugalete á Segunda RFEF cunha destacada achega de nove goles e tras unha anterior etapa no fútbol galego co Ourense CF. A estas novidades súmanse varias renovacións de peso. O central Iago Parga continuará defendendo a camisola da Sarriana despois de consolidarse como unha das referencias da zaga durante o pasado curso, mentres que o gardameta César Pirot afrontará a súa terceira tempada no club, onde se converteu nun dos xogadores máis queridos pola afección grazas ás súas actuacións decisivas baixo os paus.

Estas incorporacións e renovacións únense ás xa anunciadas nas últimas semanas, entre elas a promoción de Carlos Dono ao primeiro equipo, así como a continuidade de futbolistas como Keko, Jacobo e Aroña, configurando un proxecto que busca manter o nivel competitivo da SD Sarriana e seguir ilusionando á afección da Ribela de cara ao novo curso.

Lúa López Tallón formou parte da Federación Española de Baloncesto



A xogadora sarriá Lúa López Tallón acaba de regresar da concentración da selección española feminina U17 de baloncesto 3x3, celebrada en Madrid entre os días 16 e 19 de xullo e organizada pola Federación Española de Baloncesto como parte do programa de formación e seguimento das xogadoras nacionais. Formada nas categorías de base do CB Sarria e actualmente integrante do Ensino Lugo, Lúa foi unha das deportistas convocadas tras completar unha destacada tempada. A xogadora proclamouse campioa galega co seu equipo cadete de baloncesto 5x5, logrou a cuarta posición no Campionato de España de 3x3 e acadou o terceiro posto tanto no Campionato Galego júnior de 5x5 como no Campionato Galego U17 de 3x3.

Ademais, o pasado mes de xaneiro representou á selección galega no

Campionato de España de seleccións autonómicas disputado en Zaragoza, un rendemento que lle abriu as portas desta convocatoria coa selección española.

Un dos aspectos máis destacados desta chamada é que Lúa pertence á categoría U16, polo que participou na concentración cun grupo de xogadoras dun ano maior ca ela, o que supón un importante recoñecemento á súa progresión e ao seu nivel competitivo.

A xogadora regresa desta experiencia satisfeita polo aprendido e coa motivación de seguir medrando deportivamente. Desde o seu entorno tamén quixeron destacar que este recoñecemento é froito do traballo colectivo realizado xunto ás súas compañeiras de equipo e aos seus adestradores ao longo das últimas tempadas.

O III Campus de Verán do Incio CF reúne a mozos futbolistas

O Campo Municipal do Carboeiro acolle esta semana a terceira edición do Campus de Verán de Fútbol organizado polo Incio CF, unha proposta que se está a desenvolver desde o pasado luns e que continuará ata o vindeiro venres 7 de agosto.

A iniciativa reúne a rapaces e rapazas de entre 6 e 16 anos nun programa deportivo e formativo pensado para fomentar a práctica do fútbol, a aprendizaxe e a convivencia.

As actividades teñen lugar cada mañá, entre as 10.00 e as 14.00 horas, baixo a dirección

de Roy Arias Folgar, adestrador titulado de nivel 3 e con experiencia en diferentes categorías de fútbol base da SD Sarriana.

Así, os participantes están a tomar parte en sesións de adestramento adaptadas ás distintas idades, nas que traballan aspectos técnicos e tácticos do fútbol, combinándoas con actividades formativas e momentos de lecer.

Unha vez remate o campus, recibirán un diploma acreditativo e un agasallo do club como recordo da súa participación nesta terceira edición.

Xa hai data para a segunda edición do Máster de Pesca a Mosca por Parellas Río Neira



O Club de Pesca Río Neira organizará os días 5 e 6 de setembro a segunda edición do Máster de Pesca a Mosca por Parellas Río Neira, unha cita deportiva que reunirá en Láncara a afeccionados a esta modalidade procedentes de diferentes lugares. A competición desenvolverase por parellas e consistirá na práctica da pesca a mosca nunha edición limitada de participantes, que loitarán por facerse cunha parte dos máis de 2.000 euros en premios previstos pola organiza-

ción. Con este evento, o Concello de Láncara aspira a consolidarse como un referente para os amantes da pesca deportiva, acollendo unha competición que combina deporte, natureza e convivencia nun dos escenarios máis emblemáticos para esta práctica. A inscrición permanece aberta e as persoas interesadas en participar poden formalizala contactando cos responsables da organización, Ali, no teléfono 606 318 225, ou Code, no 649395476.

Preparan a XXV Concentración Mototurística de Os Mouchos



Paradela volverá converterse no punto de encontro dos afeccionados ao motociclismo coa celebración da XXV Concentración Mototurística organizada polo Motoclube Os Mouchos, unha das citas máis consolidadas do calendario moteiro da provincia de Lugo. O encontro terá lugar o 19 de setembro, a partir das 18.00 horas, reunindo a motoristas chegados desde diferentes puntos de Galicia e doutras comunidades. Un dos principais atractivos desta edición será a ruta mototurística entre Paradela e Lugo, un percorrido duns 30 quilómetros que permitirá aos participantes circular en grupo por un itinerario que une ambas localidades. Este tipo de rutas son unha das actividades máis agardadas nas concentracións moteiras, xa

que combinan o desfrute da conducción coa oportunidade de coñecer a contorna e compartir a experiencia con outros afeccionados ás dúas rodas. A programación completárase coa actuación en directo do grupo TDA, que será o encargado de poñer a nota musical á xornada e contribuír ao ambiente festivo que cada ano caracteriza este encontro. As concentracións mototurísticas son moito máis que reunións de motocicletas. Habitualmente inclúen rutas organizadas, concertos, exhibicións e actividades de convivencia, converténdose nun importante reclamo turístico e nun impulso para a hostalaría e o comercio local, ao atraer centos de visitantes aos municipios que as acollen.

A AC Taekwondo Sarria abre as inscricións para o novo curso

A AC Taekwondo Sarria abriu o prazo de inscrición para o curso 2026-2027, que contará cunha ampla programación de adestramentos dirixidos a alumnado de todas as idades e niveis. A entidade anima ás persoas interesadas a reservar a súa praza con antelación ante o inicio da nova tempada deportiva. A oferta inclúe grupos específicos desde os 3 anos, comezando coas sesións de psicomotricidade, así como clases de taekwondo adaptadas ás diferentes franxas de idade: grupos infantís para nenos e nenas de entre 5 e 8 anos e de 9 a 11 anos, categoría júnior para mozos e mozas de 12 a 17 anos e grupos destinados a persoas adultas. O calendario incorpora tamén adestramentos específicos de competición nas modalidades de combate, *poomsae* e *freestyle*, tanto para categorías infantís como adultas. Ademais, mantense o grupo de cintos negros, orientado ao perfeccionamento técnico.



As clases desenvolveranse de luns a venres en distintos horarios de tarde, permitindo que o alumnado poida escoller a opción que mellor se adapte ás súas necesidades. No apartado de competición, a escola establece como requisitos un cinto laranxa e ter máis de sete anos para o grupo de combate infantil; seis anos e cinto amarelo

para *poomsae* infantil; oito anos e cinto verde para *freestyle*; e cinto amarelo para acceder aos grupos de competición de persoas adultas. Desde a entidade deportiva lembran que as inscricións xa están abertas e convidan ás persoas interesadas a formalizar a súa matrícula para garantir unha praza no curso 2026-2027.

Os Meigallos FS preparan a nova tempada con grandes novidades

Os Meigallos Fútbol Sala de Sarria preparan xa a tempada 2026-2027, na que competirán de novo na Terceira División de fútbol sala. Mentres avanza na configuración do primeiro equipo, a entidade tamén abriu o prazo de inscrición para a súa base, animando a nenos e nenas de todas as idades a formar parte do proxecto deportivo. O club contará con equipos nas categorías biberón (nados entre 2021 e 2023), prebenxamín (2019-2020), benxamín (2017-2018), alevín (2015-2016), infantil (2013-2014), cadete (2011-2012) e xuvenil (2008-2010), co obxectivo de seguir fortalecendo a canteira e formar novos xogadores de cara ao futuro. No referente ao primeiro equipo, a principal novidade para a próxima campaña será a chegada de Marco Iván Martínez ao banco, tras a marcha de Luismi, que puxo fin á súa segunda etapa como adestrador da entidade. O técnico despediuse agradecendo o apoio recibido durante dúas tempadas nas que conseguiu cumprir o gran obxectivo marcado: devolver aos Meigallos á Terceira División. Na súa despedida tamén tivo palabras de recoñecemento para a afección, os xogadores, o corpo técnico, a directiva e a súa familia, destacando ademais o



compromiso de Saúl e Álvaro por regresar ao club e contribuír ao ascenso do equipo da súa vila. Pola súa banda, Marco Iván Martínez asume o reto de liderar o novo proxecto tras unha ampla traxectoria no fútbol sala galego, con experiencia en equipos como Carballiño FS, Ourense FSF e Sala Ourense. Desde o club amosan a súa confianza en que os seus coñecementos e experiencia serán claves para afrontar con garantías a nova etapa na categoría nacional. En paralelo, a directiva continúa pechando a continuidade de boa parte do bloque que logrou o ascenso. O porteiro Álvaro renovou por unha campaña máis despois de ser unha das pezas fundamentais do equipo, mentres que Saúl Fernández tamén confirmou

a súa continuidade para seguir formando parte do proxecto. Pola súa parte, Miguel continuará defendendo a camisola dos Meigallos unha tempada máis, recompensando así a súa constancia, dedicación e importancia tanto no vestiario como sobre a pista. Tamén seguirá Saúl González, que volverá achegar o seu compromiso e entrega en cada encontro, e Brais Tourón, outro dos xogadores que continuará no cadro de persoal para afrontar os retos da nova campaña. Con estas incorporacións e renovacións, Os Meigallos FS continúan dando forma a un proxecto que combina a consolidación do bloque que conseguiu o ascenso coa aposta pola formación de novos xogadores.

Un ano de deporte en feminino

A Vicepresidencia da Deputación elaborou a súa axenda cunha homenaxe as mulleres máis representativas das disciplinas deportivas

Hai medallas, títulos, récords e ascensos. Pero detrás de cada logro tamén hai horas de adestramento, renuncias, esforzo e unha loita constante por abrirse paso nun ámbito no que a igualdade aínda está lonxe de ser unha realidade. Esa é a esencia de 'Deporte lugués en feminino', a nova publicación impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, unha axenda que pon rostro e voz a dezoito deportistas da provincia que destacan nas súas respectivas disciplinas e que pretende converter as súas traxectorias en referentes para as nenas e mozas que soñan cun futuro no deporte. A presentación tivo lugar no Pazo de San Marcos, onde o vicepresi-



dente da Deputación, Efrén Castro, reivindicou a necesidade de seguir facendo visible o deporte feminino. Dirixíndose ás protagonistas da publicación, lembroulles que o seu papel vai moito máis alá dos resultados deportivos. "Sodes referentes para as que veñen detrás", afirmou, incidindo na importancia de ofrecer modelos próximos que animen ás novas xeracións a practicar deporte e a perseguir os seus obxectivos. A publicación, ilustrada coas fotografías de Reyes Fernández Guizán e cos textos da xornalista de TERRACHÁXA Belén Rodríguez Arias, reúne perfís de deportistas que representan a diversidade do deporte lucense.

Dezoito historias para inspirar ás novas xeracións

Adiaratou Iglesias converteuse nunha das grandes referencias do atletismo adaptado tras unha traxectoria marcada pola superación. Nada en Mali e chegada a España sendo nena, descubriu o atletismo case por casualidade e consolidou a súa carreira en Lugo da man da súa nai de acollida e do seu adestrador. A pesar de comezar a competir aos 14 anos, acadou grandes éxitos como un ouro e unha prata nos Xogos Paralímpicos de Tokio. Na actualidade compaxina o deporte cos estudos de Educación Infantil e o traballo con nenos, mantendo a ilusión por seguir medrando.

Noa López é unha das promesas do baloncesto galego tras unha traxectoria iniciada no CB Sarria e continuada en clubs como Estudiantes de Lugo e Costa Ártabra antes de incorporarse ao Ensino en categoría infantil. Internacional coa selección galega e convocada tamén coa española en torneos como os de Íscar e Abu Dhabi, debutou con só 16 anos co primeiro equipo na Liga Endesa. Estudará Ciencias do Deporte nos Estados Unidos cunha bolsa deportiva.

Laura Álvarez e Uxía Folgueira representan o presente e o futuro dos deportes de combate en Lugo grazas ás súas destacadas traxectorias no taekwondo e no karate. Laura, que comezou a practicar taekwondo aos

sete anos, acumula varias medallas europeas e un destacado resultado no Mundial de 2022, ao tempo que compaxina a alta competición cos estudos de Medicina. Pola súa banda, Uxía iniciouse no karate con catro anos e converteuse na primeira karateca galega en lograr tres medallas internacionais en kata individual, ademais de proclamarse subcampioa de Europa por equipos.

Carmen Carballada, natural de Monforte, é unha das promesas do fútbol feminino galego no Deportivo. Tras iniciarse no fútbol e formarse entre o Monforte e o Calasancio, con 16 anos trasladouse á Coruña para incorporarse ao filial deportivista no primeiro equipo. Internacional nas categorías inferiores da selección española e debutante en Primeira División, compaxina a súa carreira deportiva cos estudos de Psicoloxía e non descarta formarse como adestradora. A futbolista destaca o fútbol como unha escola de vida que lle inculcou disciplina e constancia, aínda que tamén recoñece as renuncias persoais e as lesións.

Sandra Pumares, Silvia Rubal, Verónica García e Area Loureiro representan distintas xeracións e etapas do fútbol sala feminino galego, desde os primeiros pasos na base ata a elite. Todas elas compaxinan a com-

petición cos estudos ou a formación, destacan a importancia do apoio familiar e lembran fitos como defender a selección galega, conquistar títulos, lograr ascensos ou competir en Primeira División.

Con só 23 anos, **Elena López**, de Samos, converteuse nunha das referencias do motociclismo feminino galego tras proclamarse campioa da Liga Galega de Enduro e XC, conquistar por tres anos consecutivos o Campionato Galego de Cross Country e ser subcampioa de España. A súa carreira comezou en 2022 case por casualidade, cando participou nunha proba coa moto do seu pai. Desde entón, superou incluso unha importante lesión para seguir progresando nun deporte que compaxina coa súa formación en mecánica e no que xa prepara novos retos.

As irmás **Sofía e Inés Mourenza** fixeron da súa afección pola natación unha brillante traxectoria deportiva. Integrantes do Club Natación PortaMiñá, destacan no panorama estatal tras anos de esforzo e disciplina, con Inés sobresaíndo nas augas abertas e Sofía en probas de piscina. Compaxinan adestramentos de alta esixencia cos seus estudos universitarios e atopan no apoio mutuo unha das claves do seu éxito.

A lucense **Tania Fernández** consolidouse como unha das principais figuras do piragüismo de maratón tras unha carreira iniciada no Club Fluvial de Lugo e marcada por destacados éxitos internacionais. No seu palmarés figuran dous ouro, tres pratas e un bronce en campionatos do mundo, ademais dunha prata e un bronce europeos. Compaxina os adestramentos coa súa profesión como fisioterapeuta e coa formación para ser docente, demostrando que a constancia e a paixón polo deporte poden ir da man dunha intensa vida profesional.

Olivia Mon, nada en Lugo, semella unha das grandes promesas do squash galego tras proclamarse campioa galega en varias ocasións, campioa de España sub-17 e internacional coa selección española. Despois de superar unha grave lesión que a mantivo un ano afastada das pistas, regresou á competición con novos éxitos e prepara o salto á categoría absoluta. Compaxina os estudos de Educación Social cos adestramentos e continúa traballando para abrirse camiño na elite con disciplina e constancia.

Outra lucense que promete moitas máis éxitos é a triatleta **Elsa Pena**, grazas aos seus éxitos en triatlón cross e acuatlón, con títulos nacio-

nais, unha prata europea e un bronce mundial. Integrante do Cidade de Lugo Fluvial, compaxina o deporte de alto nivel cos estudos universitarios para ser profesora e continúa medrando coa vista posta na elite internacional, apoiada pola súa familia e o seu equipo técnico.

As xogadoras do Emevé **Clara Carreira e Olalla González** representan o éxito da canteira lucense no voleibol de elite. Formadas no club, ambas deron o salto á Superliga tras destacar nas categorías de base e compaxinan a máxima competición cos seus estudos universitarios. Cunha traxectoria marcada polo esforzo, o compromiso e os éxitos co Emevé e coas seleccións galega e española, son dúas das grandes referencias do voleibol feminino na provincia.

A monfortina **Alisa Urdaneta** está considerada unha das promesas da ximnasia artística galega grazas á súa constancia e progresión nas categorías de base. Campioa galega en Promoción e Prebase, logrou clasificarse para o Campionato Nacional, onde continúa medrando nun deporte que compaxina cos estudos. Con só 16 anos, afronta o seu segundo Nacional coa ilusión de seguir mellorando e co obxectivo de manterse vinculada ao deporte no futuro.

SARRIAXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

Teléfono 661 464 323

redaccion@sarriaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Ruta da Fervenza do Corgo

Este itinerario de arredor de 3,5 quilómetros permite descubrir un espazo natural único no curso alto do río Miño

O Concello do Corgo alberga un dos espazos naturais de maior valor ecolóxico da provincia de Lugo. Integrado na Reserva da Biosfera Terras do Miño, o Bosque da Fervenza constitúe un enclave privilexiado no que a natureza permanece practicamente intacta, ofrecendo aos visitantes a oportunidade de percorrer un dos bosques aluviais mellor conservados da Península Ibérica. A Ruta da Fervenza, un itinerario duns 3,5 quilómetros de lonxitude, cunha duración aproximada dunha hora e unha dificultade baixa, vai polo bosque, que conta cunha rica vexetación autóctona, na que sobresaen carballos con máis de trescentos anos, ademais de amieiros, freixos e salgueiros que medran nas marxes do Miño. A boa conservación deste hábitat converteuno nun dos mellores exemplos de bosque de ribeira inundable do noroeste peninsular, cunha elevada biodiversidade tanto en flora como en fauna. O percorrido comeza nas proximidades da Casa Rural da Fervenza e

avanza sempre á beira do río Miño. Aos poucos minutos de iniciar a marcha aparece un antigo muíño do século XIX, unha construción tradicional que permaneceu en funcionamento ata a década de 1970 e que durante moitos anos foi esencial para a moenda e distribución do gran entre os habitantes da contorna. Tras deixar atrás o muíño, o camiño continúa entre a frondosa vexetación ata alcanzar unha agradable área de baño. Non obstante, este non é o único lugar onde achegarse á auga. Ao longo do itinerario xorden pequenos sendeiros que conducen a diferentes pozas naturais e recunchos escondidos entre as rochas, creando espazos ideais para descansar, contemplar a paisaxe ou darse un refrescante baño durante os meses de verán. Un dos aspectos máis atractivos desta ruta é a posibilidade de escoller diferentes alternativas ao trazado principal. As numerosas derivacións permiten adaptar o percorrido ao tempo dispoñible ou ás preferencias de cada visitante, enlazando continuamente entre si e facilitando a exploración do bosque sen dificultade. O sendeiro continúa acompañando o curso do Miño ata as proximidades da desembocadura do río Neira. Se o nivel da auga o permite, durante o percorrido tamén poden observarse as zonas nas que o río inunda periodicamente o bosque, un fenómeno natural que modela a paisaxe e contribúe á extraordinaria riqueza ambiental deste espazo. Desde ese punto empréndese o regreso pola vía que completa a ruta.

Para aquelas persoas que desexen prolongar a experiencia, existe a opción de iniciar a ruta desde a cidade de Lugo. Un percorrido de aproximadamente 15 quilómetros, practicable tanto a pé como en bicicleta e practicamente sen desniveis, enlaza ambos os puntos seguindo o curso do Miño. O traxecto atravesaba bosques de ribeira, antigos muíños, pequenas illas fluviais e paisaxes rurais que permiten descubrir outra perspectiva do territorio. Pola súa riqueza natural, a facilidade do percorrido e a tranquilidade da contorna, a Ruta da Fervenza consolidouse como unha das propostas de sendeirismo máis recomendables da provincia de Lugo para quen desexe descubrir un espazo de alto valor ambiental sen afrontar grandes dificultades.



DATOS



1 hora



3,5 quilómetros



Dificultade sinxela



Pili Madeira
FLORISTAS

bicarelo

Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

982 530 015 / 633 226 988
floristeria@servimadeira.es
www.floristeriamadeira.es

MADEIRA
SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros

75 ANIVERSARIO
MADEIRA SERVICIOS
Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15
funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es